

estudo do

mercado laboral

<http://emprego.xunta.es/cualificacions>



9aLlC1a



2008



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE TRABALLO  
E BENESTAR  
Dirección Xeral de Formación e Colocación



estudo do mercado laboral - 9aLlC1a 2008

XUNTA DE GALICIA

[ Estudo do mercado laboral. Galicia 2008 ]

**EDITA:**

Xunta de Galicia  
Consellería de Traballo e Benestar  
Dirección Xeral de Formación e Colocación  
Instituto Galego das Cualificacións

**COORDINACIÓN:**

Marisa Mallo Fernández  
María José Cortés Jiménez

**EQUIPO TÉCNICO:**

Mar Martínez Besada  
Ricardo Fernández López  
Berta Martínez Seija  
Esther Sánchez González  
M<sup>a</sup> Belén Yañez Barge  
Tomás González Mouriño  
Juan Cirilo Arnosa Casal  
Eva Uriach Masgoret  
Rosa M<sup>a</sup> Fernández Fernández

**EQUIPO AUXILIAR:**

M<sup>a</sup> Jesús Iglesias Ferreiro  
Marta López Fernández  
Francisco de Cal Pose  
M<sup>a</sup> José Porto Pardiñas  
M<sup>a</sup> Jesús Iglesias Ferreiro

**DESEÑA E IMPRIME:**

Plana Artes Gráficas, S.L. (Santiago)

**DEPÓSITO LEGAL:**

C 3329-2008

**ISSN:**

1579 - 5675



O mercado de traballo é un escenario que se ve sometido a un proceso de evolución permanente como reflexo dunha sociedade e dun sistema económico complexo e cambiante. Os indicadores analizados nesta edición evidencian, en consonancia coa situación económica global, o inicio dun proceso de desaceleración da economía e do emprego que, á vista dos datos que se van coñecendo, se está a facer máis pronunciado en 2009, tanto a nivel galego como estatal.

Máis que nunca, nesta actual tesitura de incerteza e preocupación ante as dificultades e atrancos que presenta a economía, faise necesario por á disposición dos organismos e entidades implicadas nas tarefas de deseñar e desenvolver actuacións de emprego e formación unha diagnose fidedigna da realidade laboral que facilite coñecementos sobre a estrutura e o comportamento do mercado de traballo galego cara ao desenvolvemento de políticas activas e recursos públicos que activen a economía e a inserción laboral das persoas traballadoras.

Neste informe preténdese realizar unha aproximación a esta realidade, de tal xeito que poida servir como un instrumento de consulta que nos achegue o coñecemento das características do noso contorno á realidade do mercado de traballo en Galicia a través da análise das principais variables que determinan o mercado laboral.

**Beatriz Mato Otero**

Conselleira de Traballo e Benestar





## 1.- INTRODUCCIÓN

### 1.1.- Contido, metodoloxía e fontes de información

- 1.1.1.- Perfil socioeconómico
- 1.1.2.- Tecido empresarial
- 1.1.3.- Paro rexistrado
- 1.1.4.- Contratos
- 1.1.5.- Formación

### 1.2.- Definicións e taxas

## 2.- ANÁLISE DO MERCADO LABORAL

### 2.1.- Perfil sociodemográfico

- 2.1.1.- Poboación
- 2.1.2.- EPA (Enquisa de Poboación Activa)

### 2.2.- Tecido empresarial

- 2.2.1.- Distribución do tecido produtivo de Galicia no ámbito provincial. Datos absolutos. Porcentaxes. Ano 2008
- 2.2.2.- Evolución do número de empresas
- 2.2.3.- Evolución do número de traballadores
- 2.2.4.- Evolución do número de autónomos
- 2.2.5.- Evolución do número de empresas por sectores
- 2.2.6.- Evolución do número de traballadores por sectores
- 2.2.7.- Evolución do número de autónomos por sectores
- 2.2.8.- Empresas con crecemento sostido nos últimos cinco anos
- 2.2.9.- Empresas con crecemento sostido nos últimos cinco anos segundo o número de traballadores
- 2.2.10.- Autónomos con crecemento sostido nos últimos cinco anos
- 2.2.11.- Afiliados e empresas segundo o réxime da Seguridade Social

### 2.3.- Paro rexistrado

- 2.3.1.- Parados rexistrados por xénero
- 2.3.2.- Parados rexistrados por provincia
- 2.3.3.- Evolución anual do paro rexistrado
- 2.3.4.- Evolución mensual do paro rexistrado
- 2.3.5.- Parados rexistrados por idade e xénero
- 2.3.6.- Evolución anual dos parados rexistrados por idade
- 2.3.7.- Parados rexistrados por nivel formativo
- 2.3.8.- Evolución anual dos parados rexistrados por nivel formativo
- 2.3.9.- Parados rexistrados por antigüidade na demanda
- 2.3.10.- Evolución anual dos parados rexistrados por antigüidade na demanda
- 2.3.11.- Parados rexistrados por sector económico de procedencia
- 2.3.12.- Evolución anual dos parados por sector económico de procedencia
- 2.3.13.- Parados rexistrados por gran grupo de ocupación
- 2.3.14.- Evolución anual dos parados rexistrados por gran grupo de ocupación
- 2.3.15.- As dez ocupacións máis demandadas



## **2.4.- Contratos**

- 2.4.1.- Contratos realizados por xénero
- 2.4.2.- Contratos realizados por provincia
- 2.4.3.- Evolución anual do número de contratos por xénero
- 2.4.4.- Evolución mensual do número de contratos
- 2.4.5.- Contratos por idade e xénero
- 2.4.6.- Evolución anual dos contratos por idade
- 2.4.7.- Contratos por nivel formativo
- 2.4.8.- Evolución anual dos contratos por nivel formativo
- 2.4.9.- Contratos por tipoloxía
- 2.4.10.- Evolución anual dos contratos por tipoloxía
- 2.4.11.- Índice de rotación
- 2.4.12.- Contratos por sector económico
- 2.4.13.- Evolución anual dos contratos por sector de actividade
- 2.4.14.- Contratos por gran grupo de ocupación
- 2.4.15.- Evolución anual dos contratos por gran grupo de ocupación
- 2.4.16.- As dez ocupacións máis contratadas

## **2.5.- Formación**

- 2.5.1.- Cursos impartidos e alumnos por familia profesional
- 2.5.2.- Cursos impartidos e alumnos por familia e provincia

## **2.6.- Conclusións**





## 1.- INTRODUCCIÓN

O Instituto Galego das Cualificacións é unha unidade adscrita á Dirección Xeral de Formación e Colocación, da Consellería de Traballo e Benestar, segundo queda establecido no Decreto 335/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar.

O Instituto Galego das Cualificacións conta con dúas unidades con nivel orgánico de servizos: o Servizo de Observatorio Ocupacional e o Servizo de Deseño e Acreditación das Cualificacións.

No ámbito da observación ocupacional, o instituto ten encomendadas, entre outras, a función de coñecer o funcionamento do mercado de traballo, proporcionando información axeitada para o deseño das políticas de formación profesional. Así mesmo, pretende achegar datos de referencia que sirvan para encadrar as características propias do noso mercado laboral nun contexto máis amplo que ilustre sobre as tendencias fundamentais cara ao futuro. Con esta perspectiva, planeouse esta análise da realidade laboral de Galicia que anualmente reflicte os datos máis salientables do noso tecido produtivo e a situación laboral dos seus principais actores.

O *Estudo do mercado laboral, Galicia 2008* é unha publicación comprendida dentro dunha serie iniciada no ano 2004, e segue un esquema semellante ao realizado en períodos precedentes co fin de lles dar unha continuidade a estes informes elaborados con carácter anual, analizando e proporcionando información sobre as estruturas ocupacionais e a súa evolución, para adaptar as cualificacións profesionais ás necesidades do mercado de traballo da Comunidade Autónoma de Galicia.

Non cabe dúbida de que tanto os organismos como as entidades implicadas nas tarefas de deseñar e desenvolver actuacións de emprego e formación na nosa comunidade autónoma necesitan dispor de estudos que lles faciliten coñecementos sobre a estrutura e o comportamento do mercado de traballo galego.

Con este propósito, elabórase este informe, que confiamos en que constitúa un instrumento de consulta para todas aquelas persoas, profesionais ou non do ámbito laboral, que desexen acceder a unha información que nos achegue ao coñecemento das características do noso contorno e á realidade do mercado de traballo en Galicia, a través da análise das principais variables que determinan o mercado de traballo, é dicir, do tecido empresarial e laboral, da demanda e da contratación, e tamén, como novidade respecto á edición anterior, a formación a desempregados.



Os obxectivos fundamentais que se pretenden acadar con esta publicación son os seguintes.

- ☐ ☐ Facilitar datos representativos das principais variables que configuran o mercado laboral da comunidade autónoma galega, tanto desde o punto de vista cuantitativo como cualitativo.

- ☐ ☐ Mostrar a evolución temporal dos últimos cinco anos dos distintos parámetros seleccionados segundo a súa idoneidade en cada caso.

Estes dous obxectivos concretos pódense agrupar nunha pretensión xeral, que é a de informar acerca da realidade sociolaboral galega, desde a valoración que se pode extraer do Servizo Público de Emprego da nosa comunidade autónoma, para facilitar o deseño e a programación axeitada de accións de emprego e formación.

### **1.1.- CONTIDO, METODOLOXÍA E FONTES DE INFORMACIÓN**

O informe contén unha análise descritiva dos seguintes cinco bloques temáticos: a poboación, o tecido empresarial, o paro, os contratos e a formación ocupacional. A información presentada en cada un destes bloques é o resultado dun traballo de análise da explotación de datos, ademais dunha definición previa para determinar o tipo de categorías máis significativas para observar o comportamento do mercado de traballo.

Deste xeito, a elaboración do estudo do mercado laboral seguiu dous procesos básicos:

- ☐ ☐ A determinación das variables máis axeitadas para caracterizar o mercado de traballo e, dentro de cada variable, os aspectos destacables pola súa representatividade.

- ☐ ☐ A explotación da información obtida directamente das bases de datos, depurando e contrastando os resultados.

Nos seguintes apartados expónse unha descrición do contido de cada un dos bloques temáticos, detallando para cada un deles as bases de datos utilizadas e a metodoloxía aplicada.

#### **☐ ☐ ☐ 1.1.1.- Perfil sociodemográfico.**

Neste bloque óptase por facer unha primeira aproximación aos datos de poboación activa, parada e ocupada do ano 2008, debido a que tanto os datos para a nosa Comunidade Autónoma como as definicións e a metodoloxía están contidas na Enquisa de poboación activa (EPA) que publica o Instituto Galego de Estatística.

### 1.1.2.- Tecido empresarial.

Neste punto resúmense os datos cuantitativos das principais variables que conforman o tecido produtivo galego: empresas, traballadores por conta allea e traballadores autónomos, na actualidade e ao longo dos últimos cinco anos. A información utilizada neste estudo orixínase a partir da base de datos da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, que constitúe, por unha banda, o rexistro de traballadores por conta allea e por conta propia nos diferentes réximes da Seguridade Social (xeral e específicos), e, por outra banda, o rexistro de empresas a través das denominadas contas de cotización.

O motivo de utilizar esta base de datos como fonte de información deriva da súa elevada fiabilidade, xa que a Tesouraría Xeral da Seguridade Social inclúe todos os datos dos traballadores que exercen unha actividade laboral de xeito legal, ao ser obrigatoria a alta na Seguridade Social como requisito previo para a incorporación ao emprego; porque ademais considera a totalidade dos sectores económicos, e porque tamén ten en conta datos de diferentes anos que posibilitan realizar estudos evolutivos.

Os datos ofrécense a través de táboas e gráficos estruturados segundo dúas epígrafes: unha dedicada á situación actual das citadas variables e outra sobre a súa evolución nos cinco últimos anos.

Como limitación, cabe sinalar que a información relativa ás empresas, ao provir de contas de cotización, pode aparecer inflada debido á posibilidade de converxer varias contas nunha mesma empresa. En concreto, unha empresa pode ter abertas varias contas de cotización por diferentes motivos: por ter sedes en diferentes territorios, aparecendo neste caso unha conta de cotización por territorio; por ter contratos para a formación; por exercer diferentes actividades; por realizar contratos a tempo parcial de menos de 12 horas semanais, pois, aínda que xa non se poden formalizar, na actualidade mantéñense nalgúns empresas os que se estableceron anteriormente; por ter contratado un axente de comercio; ou por contratar artistas de forma esporádica.

Finalmente, convén sinalar que, debido á configuración especial dos datos referentes aos traballadores na base de datos da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, houbo que agrupar, baixo a epígrafe de “traballadores”, os datos dos traballadores do réxime xeral da Seguridade Social, do réxime especial agrícola por conta allea, do mar por conta allea, do carbón, empregados de fogar continuos, os traballadores por conta propia agrícolas, os traballadores por conta propia do mar e os empregados de fogar descontinuos. Así, os autónomos inclúen só os traballadores pertencentes a este réxime especial.

### □ □ □ 1.1.3.- Paro rexistrado.

O estudo do paro rexistrado do informe do mercado laboral consiste na análise do perfil básico dos parados de emprego, é dicir, da caracterización do prototipo máis común de parados existente en Galicia co propósito de indagar os grupos de persoas que precisan de maior atención á hora de propiciar a súa entrada ou promoción no mercado laboral.

O colectivo de parados refírese exclusivamente a todas as persoas de 16 e máis anos que se atopan sen traballo, dispoñibles para traballar e buscando activamente emprego, e enténdese por paro rexistrado o total da demanda de emprego en alta rexistrada polo Servizo Público de Emprego existente o último día de cada mes, excluindo a correspondente a situacións laborais descritas na Orde ministerial do 11 de marzo de 1985, pola que se establecen criterios estatísticos para a medición do paro rexistrado.

Segundo esta orde, exclúense do concepto de paro rexistrado, por exemplo, os demandantes de pluriemprego, mellora de emprego, que participan en traballos de colaboración social, que solicitan emprego conxuntural, estudantes, etc.

A información utilizada no estudo do paro provén das oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia, e a súa análise estableceuse sobre a combinación dos diferentes parámetros.

Por outra banda, a información da demanda completouse con datos evolutivos para posibilitar a comparación temporal destes, pero cómpre sinalar que só se analizaron os datos dos últimos catro anos debido a que a partir de maio de 2005 se pon en marcha un novo Sistema de Información dos Servizos Públicos de Emprego (SISPE) para mellorar a forma de medir o paro rexistrado, o que dificulta establecer unha comparativa temporal de máis alá dos referidos catro anos.

### □ □ □ 1.1.4.- Contratos.

O estudo dos contratos ofrece unha visión integral das contratacións da Comunidade Autónoma durante o ano 2008, utilizando para a súa análise a base de datos que serve de soporte á sección de contratos das oficinas de emprego do Servizo Público de Emprego de Galicia.

A finalidade perseguida con este estudo é a de caracterizar un apartado importante do mercado laboral, o contractual, facilitando información relevante sobre o seu comportamento no eido da nosa Comunidade Autónoma. Esta caracterización inclúe distintos apartados con valoracións das evolucións anuais do ano 2004 ao 2008.

### 1.1.5.- Formación ocupacional.

A análise da formación ocupacional, utilizando para o seu estudo a base de datos do Sistema de Formación Ocupacional da Consellería de Traballo e Benestar, ofrece o número de cursos impartidos e o de alumnos formados no ano 2008 por familias profesionais e por provincias, tanto do Plan FIP como das accións formativas que o complementan (FSE), o que nos daría unha mostra das familias profesionais en que maior formación se recibe e o ámbito territorial onde se imparte esta.

## 1.2.- DEFINICIÓNS E TAXAS

**Poboación economicamente activa:** é o conxunto de persoas que, nun período de referencia dado, subministran man de obra para a produción de bens e servizos económicos ou que están dispoñibles e fan xestións para incorporarse á produción. A poboación economicamente activa divídese en ocupada e parada.

**Inactivos:** a poboación inactiva abrangue todas as persoas de 16 e máis anos non clasificadas como ocupadas ou paradas durante a semana de referencia, entre as que se atopan principalmente os estudantes, persoas que se ocupan do seu fogar, xubilados ou prexubilados, pensionistas, incapacitados para traballar ou outras situacións semellantes.

**Ocupados:** son as persoas de 16 e máis anos que durante a semana de referencia tiveron un traballo por conta allea ou exerceron unha actividade por conta propia, podendo estar durante esa semana:

- Traballando polo menos unha hora a cambio dun soldo, salario, beneficio empresarial ou ganancia familiar, en metálico ou en especie.
- Con emprego pero sen traballar, é dicir, ausentes do seu traballo por razóns de enfermidade ou accidente, vacacións, festas ou outras razóns análogas. Tamén se consideran dentro desta categoría as persoas que, estando suspendidas ou separadas do seu emprego como consecuencia dunha regulación de emprego, esperan reincorporarse á súa empresa.

**Parados:** considéranse paradas todas aquelas persoas de 16 e máis anos que durante a semana de referencia estiveron simultaneamente:

- Sen traballo, é dicir, que non tiveron emprego por conta allea ou por conta propia durante a semana de referencia.
- Na procura de traballo, é dicir, que tomaron medidas concretas para buscar un traballo por conta allea ou fixeron xestións para se estableceren pola súa conta durante o mes precedente.

**Taxa de actividade:** é o cociente entre o número total de activos e a poboación total.

**Taxa de paro:** é o cociente entre o número de parados e o de activos.

**Taxa de ocupación:** representa a porcentaxe das persoas con emprego sobre a poboación en idade laboral.

As **taxas** utilizadas nos diferentes apartados do estudo do mercado laboral son as seguintes:

Variación interanual: é igual ao número de contratos do ano  $x$  menos as do ano anterior  $x-1$ , dividido polo número de contratos do  $x-1$  e multiplicado por 100. É dicir, a variación entre os anos 07-08 obteríase do seguinte xeito<sup>1</sup>:

$$\% \text{ Var. interanual}_{07-08} = \frac{C_{08} - C_{07}}{C_{07}} \times 100$$

Calcularíamos o crecemento acadado nun ano con respecto ao ano anterior:

Variación media anual: obtense da fórmula do xuro composto. Se lle chamamos  $C_{2008}$  e  $C_{2006}$  ao número de contratos nos anos 2008 e 2006, respectivamente, podemos expresar a fórmula da variación media anual do xeito seguinte<sup>2</sup>:

$$\% \text{ VMA} = \left( \sqrt[3]{\frac{C_{2008}}{C_{2006}}} - 1 \right) \times 100$$

(a raíz é a que resulta de restarlle 1 ao número de anos dos cales se pretende calcular a media, neste caso  $3-1 = 2$ , o que implica unha raíz cadrada)

<sup>(1)</sup> Cando os datos referentes ao primeiro ano son iguais a cero, non podemos calcular a variación descrita, xa que o resultado da fórmula toma un valor fóra de rango.

<sup>(2)</sup> Cando os datos referentes ao primeiro ano da serie son igual a cero, non podemos calcular a variación descrita, xa que o resultado da fórmula toma un valor fóra de rango.

Obteríamos deste xeito o crecemento medio acadado nos tres anos estudados<sup>3</sup>.

#### CLASIFICACIÓN DAS RAMAS DE ACTIVIDADE ECONÓMICA:

A clasificación da actividade económica usada neste estudo baséase na CNAE 93 con varios niveis de desagregación *ad hoc*.

Co propósito de facer unha clasificación sinxela e, ao mesmo tempo, significativa de todos os sectores económicos, estruturáronse a partir das seccións da CNAE 93 en sete subsectores e, posteriormente, agrupáronse en catro grandes sectores económicos para simplificar a comprensión das táboas e gráficos. Deste xeito, nalgúns apartados aparecen táboas cos sectores e noutros aparecen táboas cos sectores e subsectores.

| SECTOR ECONÓMICO | SUBSECTOR ECONÓMICO                                                                                                         |
|------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| PRIMARIO         | Agricultura, gandería, caza, silvicultura e pesca                                                                           |
| SECUNDARIO       | Industria                                                                                                                   |
|                  | Electricidade, gas e auga                                                                                                   |
| CONSTRUCCIÓN     | Construción                                                                                                                 |
| SERVIZOS         | Comercio, hostalaría e reparación de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores, e artigos persoais e de uso doméstico |
|                  | Transporte, almacenamento e comunicacións                                                                                   |
|                  | Outros servizos                                                                                                             |

No derradeiro apartado, baixo a epígrafe de “outros servizos”, encóntranse representadas as seguintes actividades: a intermediación financeira, actividades inmobiliarias e de alugamento, servizos empresariais, administración pública, defensa e Seguridade Social obrigatoria, educación e actividades

<sup>(3)</sup> Os exemplos citados fan referencia á parte dos contratos, aínda que serían igualmente válidos para explicar os diferentes apartados do estudo. Só deberíamos ter en conta que, ao tratar cinco anos de análise, a variación media se calcularía como unha raíz cuarta.

sanitarias e veterinarias, servizos sociais, outras actividades sociais e de servizos prestados á comunidade, servizos persoais, fogares que empregan persoal doméstico e organismos extraterritoriais. Tamén se inclúen aqueles datos, escasos en número, dos cales se descoñece o sector económico concreto a que pertencen.

Elabóranse tamén gráficos circulares na industria e nos servizos cunha desagregación maior que a sinalada na táboa anterior, co propósito de conseguir máis información nestas actividades que son piares económicos da maioría das economías locais galegas.

En realidade, trátase de subseccións *ad hoc* elaboradas a partir do seguinte nivel de desagregación das subseccións CNAE, que se denomina, segundo esta terminoloxía, como “división”. Esta clasificación foi realizada polo observatorio baseándose en criterios de importancia de actividades industriais e de servizos na nosa Comunidade Autónoma, co propósito de establecer un equilibrio entre a facilidade de manexo da clasificación e, ao mesmo tempo, a maior cantidade de información extraíble en ambas as dúas actividades económicas.

A continuación relaciónanse dúas táboas co resultado desta desagregación:

| CÓDIGO CNAE | DESCRIPCIÓN DAS DIVISIÓNS CNAE                                                           | SUBSECCIÓN AD HOC NA INDUSTRIA |
|-------------|------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------|
| 10          | extracción e aglomeración de antracita, hulla, lignito e turba                           | OUTRAS INDUSTRIAS              |
| 11          | extracción de crus de petróleo e gas natural                                             |                                |
| 12          | extracción de minerais de uranio e torio                                                 |                                |
| 13          | extracción de minerais metálicos                                                         |                                |
| 14          | extracción de minerais non metálicos nin enerxéticos                                     |                                |
| 15          | industria de produtos alimentarios e bebidas                                             | ALIMENTACIÓN                   |
| 17          | industria téxtil                                                                         | TÉXTEL E CONFECCIÓN            |
| 18          | industria da confección e da peletaría                                                   |                                |
| 19          | preparación, curtume e acabado do coiro; fabricación de artigos de marroquinaría e viaxe | OUTRAS INDUSTRIAS              |
| 20          | industria de madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría                    | MADEIRA                        |
| 21          | industria do papel                                                                       | OUTRAS INDUSTRIAS              |
| 22          | edición, artes gráficas e reprodución de soportes gravados                               |                                |
| 23          | coquerías, refino de petróleo e tratamento de combustibles nucleares                     |                                |
| 24          | industria química                                                                        |                                |
| 25          | fabricación de produtos de caucho e materias plásticas                                   |                                |

| <b>CÓDIGO<br/>CNAE</b> | <b>DESCRIPCIÓN DAS DIVISIÓNS CNAE</b>                                                     | <b>SUBSECCIÓNS<br/>AD HOC NA INDUSTRIA</b>           |
|------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------|
| 26                     | fabricación doutros produtos minerais non metálicos                                       | FABRICACIÓN DE<br>PRODUTOS MINERAIS<br>NON METÁLICOS |
| 27                     | metalurxia                                                                                | METALURXIA E<br>FABRICACIÓN DE<br>PRODUTOS METÁLICOS |
| 28                     | fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipo                               |                                                      |
| 29                     | industria da construción de maquinaria e equipo mecánico                                  | OUTRAS INDUSTRIAS                                    |
| 30                     | fabricación de máquinas de oficina e equipos informáticos                                 |                                                      |
| 31                     | fabricación de maquinaria e material eléctrico                                            |                                                      |
| 32                     | fabricación de material electrónico;<br>fabricación de equipo e aparellos de radio        |                                                      |
| 33                     | fabricación de equipos e instrumentos médico-cirúrxicos, de precisión, óptica e relojería |                                                      |
| 34                     | fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques                             | FABRICACIÓN DE<br>MATERIAL TRANSPORTE                |
| 35                     | fabricación doutro material de transporte                                                 |                                                      |
| 36                     | fabricación de mobles; outras industrias manufactureiras                                  | OUTRAS INDUSTRIAS                                    |
| 37                     | reciclaxe                                                                                 |                                                      |

| <b>CÓDIGO<br/>CNAE</b> | <b>DESCRIPCIÓN DAS DIVISIÓNS CNAE</b>                                                       | <b>SUBSECCIÓNS<br/>AD HOC NA INDUSTRIA</b>        |
|------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------|
| 50                     | venda, mantemento e reparación de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores           | SERVIZOS DE AUTOMOCIÓN                            |
| 51                     | comercio por xunto e intermediarios do comercio, agás de vehículos de motor e motocicletas  | COMERCIO EXCEPTO AUTOMOCIÓN                       |
| 52                     | comercio polo miúdo, agás comercio de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores       |                                                   |
| 55                     | hostalaría                                                                                  | HOSTALARÍA                                        |
| 60                     | transporte terrestre; transporte por tubos                                                  | TRANSPORTE E COMUNICACIÓNS                        |
| 61                     | transporte marítimo, de cabotaxe e por vías de navegación interiores                        |                                                   |
| 62                     | transporte aéreo e espacial                                                                 |                                                   |
| 63                     | actividades anexas aos transportes: actividades de axencias de viaxes                       |                                                   |
| 64                     | correos e telecomunicacións                                                                 | OUTROS SERVIZOS                                   |
| 65                     | intermediación financeira, agás seguros e plans de pensións                                 |                                                   |
| 66                     | seguros e plans de pensións, agás Seguridade Social obrigatoria                             |                                                   |
| 67                     | actividades auxiliares da intermediación financeira                                         | ACTIVIDADES INMOBILIARIAS E SERVIZOS EMPRESARIAIS |
| 70                     | actividades inmobiliarias                                                                   |                                                   |
| 71                     | alugamento de maquinaria e equipo sen operario, de efectos persoais e utensilios domésticos |                                                   |
| 72                     | actividades informáticas                                                                    |                                                   |
| 73                     | investigación e desenvolvemento                                                             |                                                   |
| 74                     | outras actividades empresariais                                                             | AA.PP.                                            |
| 75                     | administración pública, defensa e Seguridade Social obrigatoria                             |                                                   |
| 80                     | educación                                                                                   | EDUCACIÓN                                         |
| 85                     | actividades sanitarias e veterinarias, servizos sociais                                     | SANIDADE E SERVIZOS SOCIAIS                       |
| 90                     | actividades de saneamento público                                                           | SERVIZOS Á COMUNIDADE                             |
| 91                     | actividades asociativas                                                                     |                                                   |
| 92                     | actividades recreativas, culturais e deportivas                                             |                                                   |
| 93                     | actividades diversas de servizos persoais                                                   | OUTROS SERVIZOS                                   |
| 95                     | fogares que empregan persoal doméstico                                                      |                                                   |
| 99                     | organismos extraterritoriais                                                                |                                                   |







## 2.- ANÁLISE DO MERCADO LABORAL

### 2.2. PERFIL SOCIODEMOGRÁFICO

#### 2.1.1.- Poboación

Cos datos oficiais do Padrón Municipal de Habitantes do día 1 de xaneiro de 2008, a poboación total de Galicia no ano 2008 acadaba un total de 2.784.169 habitantes (dos cales 1.344.268 son homes e 1.439.901 son mulleres), o que supón o 6,03% da poboación total do Estado. Respecto ao ano 2007, o incremento da poboación na nosa comunidade foi de 11.636 persoas, o que representa o 0,42% sobre o total da poboación, mentres que no Estado o crecemento foi do 2,12%.

|         | Total      | Homes      | Mulleres   | % Homes | % Mulleres |
|---------|------------|------------|------------|---------|------------|
| GALICIA | 2.784.169  | 1.344.268  | 1.439.901  | 48,28   | 51,72      |
| ESPAÑA  | 46.157.822 | 22.847.737 | 23.310.085 | 49,50   | 50,50      |

Fonte: INE. Padrón Municipal de Habitantes

A poboación estranxeira residente na nosa comunidade é de 95.568 persoas, das cales 47.849 son homes e 47.719 son mulleres, o que supón o 3,43% da poboación total de Galicia. Esta poboación medrou respecto ao ano pasado en 14.126 persoas, o que nos confirma o aumento paulatino deste colectivo, que, malia ser moi inferior a súa proporción á doutras comunidades do Estado, permite que contribúan ao aumento de poboación total da nosa comunidade.


**Poboación por xénero e grupos quinquenais de idade. Ano 2008. Galicia**

|           | Total     | Homes     | Mulleres  |
|-----------|-----------|-----------|-----------|
| Total     | 2.784.169 | 1.344.268 | 1.439.901 |
| 0-4       | 106.387   | 55.086    | 51.301    |
| 5-9       | 101.998   | 52.660    | 49.338    |
| 10-14     | 106.154   | 54.603    | 51.551    |
| 15-19     | 126.385   | 64.894    | 61.491    |
| 20-24     | 155.684   | 79.170    | 76.514    |
| 25-29     | 206.261   | 104.419   | 101.842   |
| 30-34     | 227.454   | 114.574   | 112.880   |
| 35-39     | 216.792   | 108.482   | 108.310   |
| 40-44     | 207.414   | 102.900   | 104.514   |
| 45-49     | 200.340   | 99.595    | 100.745   |
| 50-54     | 182.951   | 90.607    | 92.344    |
| 55-59     | 174.149   | 85.771    | 88.378    |
| 60-64     | 169.338   | 81.494    | 87.844    |
| 65-69     | 134.165   | 62.751    | 71.414    |
| 70-74     | 156.202   | 69.522    | 86.680    |
| 75-79     | 135.134   | 56.863    | 78.271    |
| 80-84     | 93.882    | 35.612    | 58.270    |
| 85 e máis | 83.479    | 25.265    | 58.214    |

Fonte: INE. Padrón Municipal de Habitantes. Extraído de <http://www.ine.es>

Centrándonos nos datos da táboa anterior, observamos que naceron máis nenos que nenas e o número de homes é superior ao de mulleres ata aproximadamente a idade de 40 anos, proporción que se inverte a partir de aquí, incrementándose o peso da poboación feminina a medida que aumenta a idade, sendo as diferenzas notables nos últimos tramos, ata o punto de que no tramo de 85 e máis o número de mulleres duplica ao dos homes.

### Pirámide de poboación de Galicia no ano 2008



Os datos contidos na táboa anterior reflíctense na pirámide de poboación de Galicia, a cal presenta unha silueta practicamente igual á de anos anteriores, cunha base moi estreita que nos indica que malia que se está a rexistrar unha lixeira recuperación da natalidade (naceron máis nenos que no ano pasado) a proporción de nenos respecto á poboación total é moi baixa; a pirámide anchéase nas faixas centrais (o que demostra que é o tramo onde hai máis poboación) e finalmente vemos como a poboación con máis de 65 anos si ten un peso importante, ata tal punto que converte Galicia nunha comunidade cun dos maiores índices de envellecemento do Estado, e máis especialmente no caso da poboación feminina, o que demostra que as mulleres galegas teñen máis expectativa de vida que os homes.

### □□□ 2.1.2.- EPA (Enquisa de Poboación Activa)

A continuación amósanse as características da Enquisa de Poboación Activa elaborada polo INE (poboación activa, ocupada e parada). Hai que ter en conta que a EPA proporciona estimacións a partir dunha enquisa e, polo tanto, non se trata de datos exactos.

#### Taxas de actividade, ocupación e paro por xénero. Galicia

|             | Taxa de actividade |       |          | Taxa de ocupación |       |          | Taxa de paro |       |          |
|-------------|--------------------|-------|----------|-------------------|-------|----------|--------------|-------|----------|
|             | Total              | Homes | Mulleres | Total             | Homes | Mulleres | Total        | Homes | Mulleres |
| <b>2007</b> | 54,3               | 63,3  | 46       | 50,1              | 59,7  | 41,4     | 7,6          | 5,7   | 10       |
| 2007/I      | 53,8               | 63    | 45,4     | 49                | 59,1  | 39,9     | 8,8          | 6,1   | 12,2     |
| 2007/II     | 54,4               | 63,3  | 46,3     | 50,3              | 59,8  | 41,5     | 7,6          | 5,4   | 10,3     |
| 2007/III    | 54,7               | 63,4  | 46,7     | 51                | 59,7  | 43       | 6,7          | 5,8   | 7,9      |
| 2007/IV     | 54,2               | 63,6  | 45,7     | 50,2              | 60    | 41,2     | 7,5          | 5,6   | 9,8      |
| <b>2008</b> | 55,1               | 63,7  | 47,2     | 50,3              | 59    | 42,3     | 8,7          | 7,4   | 10,4     |
| 2008/I      | 54,4               | 63,9  | 45,7     | 49,9              | 59,2  | 41,4     | 8,3          | 7,4   | 9,5      |
| 2008/II     | 54,9               | 63,7  | 46,8     | 50,3              | 59,6  | 41,8     | 8,3          | 6,4   | 10,7     |
| 2008/III    | 55,6               | 63,8  | 48       | 50,9              | 59,4  | 43       | 8,5          | 7     | 10,3     |
| 2008/IV     | 55,4               | 63,3  | 48       | 50                | 57,8  | 43       | 9,7          | 8,8   | 10,9     |

Fonte: INE. Enquisa de Poboación Activa.  
Metadoloxía EPA 2005

□□ **A taxa de actividade** de Galicia no ano 2008 situouse no 55,1%, o que supuxo un incremento de 0,8 puntos respecto ao ano anterior.

Atendendo á distribución da poboación activa segundo o xénero, obsérvase que a taxa de actividade foi maior no colectivo masculino, 63,7%, fronte ao 47,2% do colectivo feminino, o que representou unha diferenza de 16,5 puntos.

En canto á evolución interanual, mentres a taxa de actividade masculina medrou en 0,4 puntos, a feminina fíxoo en 1,2 puntos, o que permitiu reducir as distancias entre ambos os dous sexos.

No Estado a taxa de actividade foi do 59,80%, aumentando en 0,88 centésimas respecto ao ano anterior, e a diferenza entre a taxa de actividade dos homes respecto á das mulleres foi do 19,04%.

Se comparamos as taxas de actividade de Galicia coa do Estado, vemos que a de España foi superior en 4,7 puntos, pero as maiores diferenzas aca-dounas o colectivo de homes, onde o Estado superou a nosa comunidade autónoma en 5,8 puntos.

□□ **A taxa de ocupación** de Galicia para o ano 2008 foi do 50,3%, o que supuxo un aumento de 0,2 puntos máis que o ano anterior.

Por sexo, a taxa de ocupación dos homes situouse no 59% e a das mulleres foi do 42,3%, existindo unha diferenza de 16,7 puntos a favor dos homes. Se atendemos á evolución interanual, a taxa masculina descendeu en 0,7 puntos e, pola contra, a das mulleres situouse en 1,1 puntos por encima, o que permitiu, tal e como acontecía coa taxa de actividade, acurtar as distancias.

Se comparamos os datos da taxa de ocupación do Estado cos de Galicia, as cifras foron máis favorables para o conxunto do Estado, xa que a taxa de ocupación deste superou a galega en 2,72 puntos, pero non foi así se atendemos á evolución interanual: mentres a galega aumentou, a de España reduciuse, o que supuxo unha diminución das diferenzas que había no ano 2007.

□□ A **taxa de paro** no ano 2008 foi do 8,7%; comparada coa do ano anterior, o aumento foi de 1,1 puntos.

Por sexo, a taxa de paro feminina foi do 10,4%, mentres que a masculina se situou no 7,4%. Ambas as dúas taxas tamén aumentaron respecto ao ano anterior; a masculina fíxoo en 1,1 puntos e a feminina en 0,4 puntos, o que permitiu reducir as diferenzas de anos anteriores.


A taxa de paro de España situouse no 11,33%, o que supuxo que estivo 2,63 puntos por enriba da galega; se a comparación se fai por sexo, os datos aínda foron máis desfavorables para o Estado: no caso da taxa de paro masculina a diferenza foi de 2,66 puntos e a feminina foi de 2,62 puntos a favor da nosa comunidade.

#### Taxas de actividade, ocupación e paro por xénero. España.

|             | Taxa de actividade |       |          | Taxa de paro |       |          | Taxa de emprego |       |          |
|-------------|--------------------|-------|----------|--------------|-------|----------|-----------------|-------|----------|
|             | Total              | Homes | Mulleres | Total        | Homes | Mulleres | Total           | Homes | Mulleres |
| <b>2007</b> | 58,92              | 69,28 | 48,94    | 8,26         | 6,37  | 10,85    | 54,05           | 64,86 | 43,63    |
| 2007TI      | 58,58              | 68,93 | 48,61    | 8,47         | 6,32  | 11,39    | 53,62           | 64,57 | 43,08    |
| 2007TII     | 58,86              | 69,33 | 48,78    | 7,95         | 6,1   | 10,49    | 54,18           | 65,09 | 43,66    |
| 2007TIII    | 59,1               | 69,61 | 48,98    | 8,03         | 6,21  | 10,53    | 54,36           | 65,28 | 43,82    |
| 2007TIV     | 59,12              | 69,23 | 49,37    | 8,6          | 6,83  | 11       | 54,03           | 64,51 | 43,94    |
| <b>2008</b> | 59,80              | 69,50 | 50,46    | 11,33        | 10,06 | 13,02    | 53,02           | 62,51 | 43,88    |
| 2008TI      | 59,35              | 69,32 | 49,73    | 9,63         | 7,87  | 11,99    | 53,63           | 63,87 | 43,77    |
| 2008TII     | 59,76              | 69,64 | 50,25    | 10,44        | 9,07  | 12,28    | 53,52           | 63,32 | 44,08    |
| 2008TIII    | 59,95              | 69,81 | 50,46    | 11,33        | 10,32 | 12,66    | 53,16           | 62,6  | 44,07    |
| 2008TIV     | 60,13              | 69,21 | 51,38    | 13,91        | 12,96 | 15,14    | 51,77           | 60,24 | 43,6     |


### Taxa de actividade

Galicia España




### Taxa de paro

Galicia España



### Taxa de ocupación

Galicia España




## 2.2. TECIDO EMPRESARIAL

### 2.2.1.- Distribución do tecido produtivo de Galicia no ámbito provincial. Ano 2008

|              | <b>Autónomos</b> | <b>%</b>   | <b>Empresas</b> | <b>%</b>   | <b>Traballadores</b> | <b>%</b>   |
|--------------|------------------|------------|-----------------|------------|----------------------|------------|
| A CORUÑA     | 92.772           | 39,78      | 47.005          | 39,60      | 342.841              | 42,45      |
| LUGO         | 40.648           | 17,43      | 15.522          | 13,08      | 89.455               | 11,08      |
| OURENSE      | 28.082           | 12,04      | 13.476          | 11,35      | 81.123               | 10,04      |
| PONTEVEDRA   | 71.711           | 30,75      | 42.690          | 35,97      | 294.267              | 36,43      |
| <b>TOTAL</b> | <b>233.213</b>   | <b>100</b> | <b>118.693</b>  | <b>100</b> | <b>807.686</b>       | <b>100</b> |

Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social  
Datos absolutos. Porcentaxes

Tal como acontecía en anos anteriores, o tecido produtivo de Galicia concentrouse nas provincias da Coruña e Pontevedra, acadando estas dúas provincias as tres cuartas partes da totalidade, tanto das empresas como dos traballadores e dos autónomos.




### 2.2.2.- Evolución do número de empresas

|            | 2004    | 2005    | 2006    | 2007    | 2008    | 2005  | %    | 2006  | %    | 2007  | %    | 2008   | %     | V. M. anual |
|------------|---------|---------|---------|---------|---------|-------|------|-------|------|-------|------|--------|-------|-------------|
| A CORUÑA   | 44.183  | 46.017  | 46.809  | 47.804  | 47.005  | 1.834 | 4,15 | 792   | 1,72 | 995   | 2,13 | -799   | -1,67 | 1,56        |
| LUGO       | 14.723  | 15.246  | 15.477  | 15.682  | 15.522  | 523   | 3,55 | 231   | 1,52 | 205   | 1,32 | -160   | -1,02 | 1,33        |
| OURENSE    | 12.983  | 13.366  | 13.523  | 13.687  | 13.476  | 383   | 2,95 | 157   | 1,17 | 164   | 1,21 | -211   | -1,54 | 0,94        |
| PONTEVEDRA | 40.326  | 42.326  | 43.279  | 44.104  | 42.690  | 2.000 | 4,96 | 953   | 2,25 | 825   | 1,91 | -1.414 | -3,21 | 1,43        |
| TOTAL      | 112.215 | 116.955 | 119.088 | 121.277 | 118.693 | 4.740 | 4,22 | 2.133 | 1,82 | 2.189 | 1,84 | -2.584 | -2,13 | 1,41        |

Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social

Por sexo, tamén foi o sector servizos o que experimentou un maior número de parados, e isto é así tanto para homes como para mulleres, pero no resto dos sectores si que houbo algunhas diferenzas; así, no caso dos homes foi o sector da construción o que ocupou o segundo lugar en canto ao número de parados (29,41%), mentres que no caso das mulleres foi o da industria (16,70%).

Parados rexistrados por sector económico de procedencia




### 2.3.12.- Evolución anual dos parados rexistrados por sector económico de procedencia

|                      | 31/12/2005 | 31/12/2006 | 31/12/2007 | 31/12/2008 | 2006    | %<br>Variación | 2007   | %<br>Variación | 2008   | %<br>Variación | V.M.<br>anual |
|----------------------|------------|------------|------------|------------|---------|----------------|--------|----------------|--------|----------------|---------------|
| SECTOR PRIMARIO      | 5.375      | 5.056      | 4.995      | 5.806      | -319    | -5,93          | -61    | -1,21          | 811    | 16,24          | 2,60          |
| SECTOR SECUNDARIO    | 29.162     | 25.778     | 24.488     | 30.255     | -3.384  | -11,60         | -1.290 | -5,00          | 5.767  | 23,55          | 1,23          |
| SECTOR CONSTRUCCIÓN  | 20.033     | 17.123     | 16.925     | 27.138     | -2.910  | -14,53         | -198   | -1,16          | 10.213 | 60,34          | 10,65         |
| SECTOR SERVICIOS     | 98.859     | 89.211     | 85.494     | 103.069    | -9.648  | -9,76          | -3.717 | -4,17          | 17.575 | 20,56          | 1,40          |
| SEN EMPREGO ANTERIOR | 25.247     | 23.498     | 23.080     | 23.635     | -1.749  | -6,93          | -418   | -1,78          | 555    | 2,40           | -2,18         |
| Total xeral          | 178.676    | 160.666    | 154.982    | 189.903    | -18.010 | -10,08         | -5.684 | -3,54          | 34.921 | 22,53          | 2,05          |

Se atendemos aos sectores económicos, o paro rexistrado descendeu tanto no ano 2006 como no 2007, pero no 2008 o comportamento cambiou: aumentou o número de desempregados en todos os sectores, cobrando especial importancia a construción, que pasou de ser un sector onde o número de parados diminuíu a un ritmo importante a sufrir un aumento de 10.213 parados, o que supuxo en termos relativos o 60,34% respecto ao ano anterior. Tamén foi este mesmo sector o que acadou unha maior variación media anual (10,65%).

#### Evolución anual dos parados por actividade económica




## 2.3.13.- Parados rexistrados por gran grupo de ocupación

|                                                                                                                                                  | Homes  | % Homes | Mulleres | % Mulleres | Total   | % Total |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------|---------|----------|------------|---------|---------|
| Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, a construción e a minaría, agás os operadores de instalacións e maquinaria | 27.900 | 33,23   | 5.595    | 5,28       | 33.495  | 17,64   |
| Dirección das empresas e das administracións públicas                                                                                            | 929    | 1,11    | 351      | 0,33       | 1.280   | 0,67    |
| Empregados de tipo administrativo                                                                                                                | 4.033  | 4,80    | 15.259   | 14,40      | 19.292  | 10,16   |
| Forzas armadas                                                                                                                                   | 77     | 0,09    | 18       | 0,02       | 95      | 0,05    |
| Operadores de instalación e maquinaria, e montadores                                                                                             | 10.517 | 12,53   | 6.592    | 6,22       | 17.109  | 9,01    |
| Técnicos e profesionais científicos e intelectuais                                                                                               | 3.676  | 4,38    | 8.059    | 7,61       | 11.735  | 6,18    |
| Técnicos e profesionais de apoio                                                                                                                 | 8.445  | 10,06   | 7.218    | 6,81       | 15.663  | 8,25    |
| Traballadores cualificados na agricultura e na pesca                                                                                             | 4.031  | 4,80    | 1.722    | 1,63       | 5.753   | 3,03    |
| Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores dos comercios                                                      | 6.780  | 8,07    | 34.854   | 32,90      | 41.634  | 21,92   |
| Traballadores non cualificados                                                                                                                   | 17.578 | 20,93   | 26.269   | 24,80      | 43.847  | 23,09   |
| Total                                                                                                                                            | 83.966 | 100     | 105.937  | 100        | 189.903 | 100     |

Polo que respecta aos parados rexistrados por gran grupo de ocupación, a maioría dos desempregados procedían do gran grupo “traballadores non cualificados”, co 23,09%, seguido moi de cerca por “traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores dos comercios” (21,92%); así, entre estes dous grupos concentraron case a metade dos parados de Galicia.

Se atendemos ao xénero, vemos como no caso das mulleres estes dous grupos tamén concentraron a maioría das desempregadas, pero no caso dos homes o gran grupo que destacou foi o de “artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, a construción, a minaría, agás os operadores de instalacións e maquinaria”, cun 33,23%.


### Parados rexistrados por gran grupo de ocupación



### 2.3.14.- Evolución anual dos parados rexistrados por gran grupo de ocupación

|                                                                                                                                                  | 31/12/2005 | 31/12/2006 | 31/12/2007 | 31/12/2008 | 2006    | %<br>variación | 2007   | %<br>variación | 2008   | %<br>variación | V.M.<br>anual |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------|------------|------------|------------|---------|----------------|--------|----------------|--------|----------------|---------------|
| Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, a construción e a minaría, agás os operadores de instalacións e maquinaria | 25.985     | 22.830     | 22.165     | 33.495     | -3.155  | -12,14         | -665   | -2,91          | 11.330 | 51,12          | 8,83          |
| Dirección das empresas e das administracións públicas                                                                                            | 1.351      | 1.142      | 1.117      | 1.280      | -209    | -15,47         | -25    | -2,19          | 163    | 14,59          | -1,78         |
| Empregados de tipo administrativo                                                                                                                | 20.276     | 17.918     | 16.468     | 19.292     | -2.358  | -11,63         | -1.450 | -8,09          | 2.824  | 17,15          | -1,64         |
| Forzas armadas                                                                                                                                   | 68         | 62         | 85         | 95         | -6      | -8,82          | 23     | 37,10          | 10     | 11,76          | 11,79         |
| Operadores de instalación e maquinaria, e montadores                                                                                             | 14.485     | 12.914     | 12.762     | 17.109     | -1.571  | -10,85         | -152   | -1,18          | 4.347  | 34,06          | 5,71          |
| Técnicos e profesionais científicos e intelectuais                                                                                               | 14.716     | 12.121     | 10.557     | 11.735     | -2.595  | -17,63         | -1.564 | -12,90         | 1.178  | 11,16          | -7,27         |
| Técnicos e profesionais de apoio                                                                                                                 | 15.993     | 13.938     | 12.979     | 15.663     | -2.055  | -12,85         | -959   | -6,88          | 2.684  | 20,68          | -0,69         |
| Traballadores cualificados na agricultura e na pesca                                                                                             | 5.882      | 5.176      | 5.039      | 5.753      | -706    | -12,00         | -137   | -2,65          | 714    | 14,17          | -0,74         |
| Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores dos comercios                                                      | 41.241     | 38.195     | 36.945     | 41.634     | -3.046  | -7,39          | -1.250 | -3,27          | 4.689  | 12,69          | 0,32          |
| Traballadores non cualificados                                                                                                                   | 38.679     | 36.370     | 36.865     | 43.847     | -2.309  | -5,97          | 495    | 1,36           | 6.982  | 18,94          | 4,27          |
| Total                                                                                                                                            | 178.676    | 160.666    | 154.982    | 189.903    | -18.010 | -10,08         | -5.684 | -3,54          | 34.921 | 22,53          | 2,05          |

Se analizamos os datos da táboa anterior, observamos unha vez máis que o paro diminuíu nos primeiros anos do período que nos ocupa e rexistrou un incremento no ano 2008 en todos os grupos, sendo o gran grupo “artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, a construción e a minaría, agás os operadores de instalacións e maquinaria” o que representou os valores máis altos, crecendo un 51,12% respecto ao ano anterior, seguido dos “operadores de instalación e maquinaria e montadores”, cun 34,06%.




### 2.3.15.- As dez ocupacións máis demandadas

|                                            | Homes | Mulleres | Total  | %    |
|--------------------------------------------|-------|----------|--------|------|
| DEPENDENTE DE COMERCIO, EN XERAL           | 1.240 | 15.329   | 16.569 | 8,72 |
| PERSOAL DE LIMPEZA OU LIMPADOR, EN XERAL   | 842   | 11.887   | 12.729 | 6,70 |
| EMPREGADO ADMINISTRATIVO, EN XERAL         | 2.210 | 8.604    | 10.814 | 5,69 |
| ALBANEL                                    | 6.475 | 68       | 6.543  | 3,45 |
| PEÓN DA INDUSTRIA MANUFACTUREIRA, EN XERAL | 3.212 | 2.376    | 5.588  | 2,94 |
| PEÓN DA CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIOS          | 4.824 | 46       | 4.870  | 2,56 |
| CAMAREIRO, EN XERAL                        | 1.681 | 2.307    | 3.988  | 2,10 |
| ASISTENTE DOMICILIARIO                     | 46    | 3.474    | 3.520  | 1,85 |
| COCIÑEIRO, EN XERAL                        | 650   | 2.421    | 3.071  | 1,62 |
| CONDUTOR DE CAMIÓN, EN XERAL               | 2.446 | 34       | 2.480  | 1,31 |

Na relación das dez ocupacións máis solicitadas polos desempregados de Galicia, vemos como practicamente se repiten as dos anos anteriores. A maior parte dos galegos demandaron as ocupacións “dependente de comercio, en xeral”, seguido en segundo lugar da ocupación “persoal de limpeza, en xeral” e en terceiro lugar atópase “empregado administrativo, en xeral”. Cómpre sinalar que a gran maioría dos demandantes nestas tres ocupacións foron mulleres, mentres que nos tres seguintes, “albanel”, “peón da industria manufactureira, en xeral” e “peón da construción de edificios” a situación se inverte e a maioría foron homes.

#### As dez ocupacións máis demandadas



## 2.4. CONTRATOS


### 2.4.1.- Contratos realizados por xénero

|          | Contratos | %     |
|----------|-----------|-------|
| Homes    | 410.458   | 51,68 |
| Mulleres | 383.712   | 48,32 |
| Total    | 794.170   | 100   |

O número de contratos rexistrados nas nosas oficinas de emprego ao longo do ano 2008 foi de 794.170, o que supuxo 70.462 contratos menos con respecto ao ano anterior. Da totalidade dos contratos o 51,68% foi contratación masculina e o 48,32% feminina; esta proporción significa que a diferenza entre homes e mulleres é do 3,37% a favor dos homes.

Sinalamos, como dato positivo, que estas diferenzas se reduciron en máis de dous puntos respecto ao ano 2007.


Contratos por xénero Galicia 2008



### 2.4.2.- Contratos realizados por provincia

|            | Homes   | % Homes | Mulleres | % Mulleres | Total   | % Total |
|------------|---------|---------|----------|------------|---------|---------|
| A CORUÑA   | 174.490 | 42,51   | 168.668  | 43,96      | 343.158 | 43,21   |
| LUGO       | 38.823  | 9,46    | 35.925   | 9,36       | 74.748  | 9,41    |
| OURENSE    | 31.493  | 7,67    | 31.127   | 8,11       | 62.620  | 7,88    |
| PONTEVEDRA | 165.652 | 40,36   | 147.992  | 38,57      | 313.644 | 39,49   |
| TOTAL      | 410.458 | 100     | 383.712  | 100        | 794.170 | 100     |

No que respecta á contratación por provincia, foi nas da Coruña e Pontevedra onde se rexistrou o maior número de contratos, concentrando as dúas provincias o 82,70% da totalidade de contratos que se realizaron en Galicia.




### 2.4.3.- Evolución anual do número de contratos por xénero (2004-2008)

|          | 2004    | 2005    | 2006    | 2007    | 2008    | 2005   | %    | 2006   | %    | 2007   | %     | 2008    | %      | V.M. anual |
|----------|---------|---------|---------|---------|---------|--------|------|--------|------|--------|-------|---------|--------|------------|
| MULLERES | 353.159 | 363.429 | 398.834 | 408.390 | 383.712 | 10.270 | 2,91 | 35.405 | 9,74 | 9.556  | 2,40  | -24.678 | -6,04  | 2,10       |
| HOMES    | 412.864 | 427.799 | 458.760 | 456.242 | 410.458 | 14.935 | 3,62 | 30.961 | 7,24 | -2.518 | -0,55 | -45.784 | -10,04 | -0,15      |
| TOTAL    | 766.023 | 791.228 | 857.594 | 864.632 | 794.170 | 25.205 | 3,29 | 66.366 | 8,39 | 7.038  | 0,82  | -70.462 | -8,15  | 0,91       |


En canto á evolución da contratación nos últimos cinco anos, o máis salientable é que esta foi positiva para o total ata o ano 2007, aínda que esta tendencia cambiou en 2008, ano a partir do cal a contratación en Galicia sufriu unha importante diminución.

Se estudamos a evolución por sexo, cabe destacar que o colectivo de homes xa empezou a perder contratos no ano 2007 (-0,55%), aínda que no ano 2008 a redución de contratos foi máis significativa (-10,04%). Pero, se atendemos á variación media anual, é a contratación feminina a que experimentou a porcentaxe máis alta (2,10%).

**Variación anual da contratación por xénero**



### Variación anual da contratación por xénero




### 2.4.4.- Evolución mensual do número de contratos

|                 |               |               |               | Variación |          |         | % Variación |          |        |
|-----------------|---------------|---------------|---------------|-----------|----------|---------|-------------|----------|--------|
|                 | Homes         | Mulleres      | Total         | Homes     | Mulleres | Total   | Homes       | Mulleres | Total  |
| <b>Decembro</b> | <b>26.773</b> | <b>29.036</b> | <b>55.809</b> |           |          |         |             |          |        |
| XANEIRO         | 39.005        | 36.372        | 75.377        | 12.232    | 7.336    | 19.568  | 45,69       | 25,27    | 35,06  |
| FEBREIRO        | 34.293        | 28.867        | 63.160        | -4.712    | -7.505   | -12.217 | -12,08      | -20,63   | -16,21 |
| MARZO           | 30.556        | 27.374        | 57.930        | -3.737    | -1.493   | -5.230  | -10,90      | -5,17    | -8,28  |
| ABRIL           | 36.166        | 31.869        | 68.035        | 5.610     | 4.495    | 10.105  | 18,36       | 16,42    | 17,44  |
| MAIO            | 33.790        | 29.639        | 63.429        | -2.376    | -2.230   | -4.606  | -6,57       | -7,00    | -6,77  |
| XUÑO            | 36.216        | 32.170        | 68.386        | 2.426     | 2.531    | 4.957   | 7,18        | 8,54     | 7,82   |
| XULLO           | 45.376        | 40.530        | 85.906        | 9.160     | 8.360    | 17.520  | 25,29       | 25,99    | 25,62  |
| AGOSTO          | 32.247        | 28.765        | 61.012        | -13.129   | -11.765  | -24.894 | -28,93      | -29,03   | -28,98 |
| SETEMBRO        | 36.910        | 37.350        | 74.260        | 4.663     | 8.585    | 13.248  | 14,46       | 29,85    | 21,71  |
| OUTUBRO         | 35.767        | 37.026        | 72.793        | -1.143    | -324     | -1.467  | -3,10       | -0,87    | -1,98  |
| NOVEMBRO        | 26.640        | 26.822        | 53.462        | -9.127    | -10.204  | -19.331 | -25,52      | -27,56   | -26,56 |
| DECEMBRO        | 23.492        | 26.928        | 50.420        | -3.148    | 106      | -3.042  | -11,82      | 0,40     | -5,69  |


Atendendo á evolución mensual da contratación durante o ano 2008, vemos que a distribución por meses foi bastante desigual: houbo meses onde a contratación aumentou, como no mes de xaneiro (35,06%) ou no mes de xullo (25,62%), e outros onde a contratación experimentou un descenso; así, a maior oscilación produciuse nos meses de xullo (25,62%), agosto (-28,98%) e setembro (21,71%).

Se analizamos os datos atendendo ao xénero, a situación foi ben parecida, sendo tamén o mes de agosto o que recolleu un maior ritmo de descenso tanto na contratación dos homes como na das mulleres. As maiores diferenzas atopáronse no mes de decembro, onde a contratación das mulleres aumentou en 106 contratos respecto ao mes de novembro, o que supuxo o 0,40%, mentres que a contratación aos homes diminuíu en 3.148 contratos, representando un 11,82% menos.

**Evolución mensual da contratación**



**Evolución mensual da contratación**




### 2.4.5.- Contratos por idade e xénero

|         | Homes   | % Homes | Mulleres | % Mulleres | Total   | % Total |
|---------|---------|---------|----------|------------|---------|---------|
| ≤25     | 121.118 | 29,51   | 110.838  | 28,89      | 231.956 | 29,21   |
| 26 a 35 | 145.802 | 35,52   | 140.532  | 36,62      | 286.334 | 36,05   |
| 36 a 45 | 81.421  | 19,84   | 83.618   | 21,79      | 165.039 | 20,78   |
| 46 a 55 | 46.602  | 11,35   | 40.120   | 10,46      | 86.722  | 10,92   |
| ≥56     | 15.515  | 3,78    | 8.604    | 2,24       | 24.119  | 3,04    |
| Total   | 410.458 | 100     | 383.712  | 100        | 794.170 | 100     |

Por tramos de idade, constatamos que a maioría dos contratos se realizaron con persoas menores de 36 anos, concretamente o 65,26%; pola contra, os valores máis baixos acadounos o grupo de 56 e máis anos, co 3,04% da totalidade da contratación.

Se a análise se fai por xénero, a situación foi moi homoxénea, coa diferenza de que se contrataron máis homes que mulleres en todos os tramos de idade, agás no grupo de 36 a 45 anos.


Contratación por idade e xénero



### 2.4.6.- Evolución anual dos contratos por idade

| Evolución n° de contratos. Período 2004-2008 |         |         |         |         |         |        |       |        |       |        |       |         |        |       |
|----------------------------------------------|---------|---------|---------|---------|---------|--------|-------|--------|-------|--------|-------|---------|--------|-------|
|                                              | 2004    | 2005    | 2006    | 2007    | 2008    | 2005   | %     | 2006   | %     | 2007   | %     | 2008    | %      | V.M.  |
| ≤25                                          | 263.822 | 255.966 | 267.498 | 266.807 | 231.956 | -7.856 | -2,98 | 11.532 | 4,51  | -691   | -0,26 | -34.851 | -13,06 | -3,17 |
| 26 a 35                                      | 275.247 | 292.040 | 318.998 | 315.640 | 286.334 | 16.793 | 6,10  | 26.958 | 9,23  | -3.358 | -1,05 | -29.306 | -9,28  | 0,99  |
| 36 a 45                                      | 139.044 | 148.175 | 164.939 | 169.834 | 165.039 | 9.131  | 6,57  | 16.764 | 11,31 | 4.895  | 2,97  | -4.795  | -2,82  | 4,38  |
| 46 a 55                                      | 68.176  | 72.924  | 82.486  | 87.703  | 86.722  | 4.748  | 6,96  | 9.562  | 13,11 | 5.217  | 6,32  | -981    | -1,12  | 6,20  |
| ≥56                                          | 19.734  | 22.123  | 23.673  | 24.648  | 24.119  | 2.389  | 12,11 | 1.550  | 7,01  | 975    | 4,12  | -529    | -2,15  | 5,14  |
| TOTAL                                        | 766.023 | 791.228 | 857.594 | 864.632 | 794.170 | 25.205 | 3,29  | 66.366 | 8,39  | 7.038  | 0,82  | -70.462 | -8,15  | 0,91  |

A evolución anual da contratación por tramos de idade reflicte que os contratos con persoas de 36 anos en diante rexistraron un aumento continuado ata o ano 2008. A partir de aquí produciuse un cambio de comportamento na contratación, rexistrando valores negativos. O grupo de idade de ata 25 anos foi o que saíu peor parado, pois neste caso a situación anterior inverteuse, sendo o ano 2006 o único que ofreceu valores positivos. Tamén foi este mesmo grupo de idade o que presentou as peores cifras no ano 2008, rexistrando 34.851 contratos menos que no ano anterior, o que supuxo o 13,06%, e foi tamén este grupo o único que presentou un valor medio anual negativo (-3,17%). Pola contra, o intervalo de idade entre 46 e 55 anos foi o que en termos relativos perdeu menos contratos en 2008 (-1,12%) e tamén o que rexistrou a maior variación media anual, concretamente o 6,20%.




### 2.4.7.- Contratos por nivel formativo

|                                  | Homes   | %     | Mulleres | %     | Total   | %     |
|----------------------------------|---------|-------|----------|-------|---------|-------|
| Ata certificado de escolaridade  | 99.176  | 24,16 | 60.649   | 15,81 | 159.825 | 20,12 |
| BUP / Bacharelato superior / COU | 58.649  | 14,29 | 64.784   | 16,88 | 123.433 | 15,54 |
| Formación profesional            | 48.879  | 11,91 | 60.490   | 15,76 | 109.369 | 13,77 |
| Titulación ensino obrigatorio    | 175.496 | 42,76 | 144.653  | 37,70 | 320.149 | 40,31 |
| Titulados universitarios         | 28.258  | 6,88  | 53.136   | 13,85 | 81.394  | 10,25 |
| Total                            | 410.458 | 100   | 383.712  | 100   | 794.170 | 100   |

Se temos en conta a contratación por nivel formativo, seguen a ser os titulados de ensino obrigatorio os que tiveron máis peso porcentual (40,31%), seguido, pero xa a bastante distancia, do grupo “ata certificado de escolaridade” co 20,12%, de maneira que máis do 60% da contratación en Galicia se efectuou con persoas de baixo nivel de cualificación.

Se a análise se fai por sexo, o comportamento é practicamente igual, coa particularidade de que, a máis titulación, as porcentaxes foron máis elevadas no caso das mulleres, e xa no tramo de titulados universitarios o número de contratos a mulleres, en termos absolutos, case duplicou ao dos homes.

**Contratación por nivel formativo**




### 2.4.8.- Evolución anual dos contratos por nivel formativo

|                                  | Evolución nº de contratos. Período 2004-2008 |         |         |         |         |        |       |        |       |        |       |         |        |            |
|----------------------------------|----------------------------------------------|---------|---------|---------|---------|--------|-------|--------|-------|--------|-------|---------|--------|------------|
|                                  | 2004                                         | 2005    | 2006    | 2007    | 2008    | 2005   | %     | 2006   | %     | 2007   | %     | 2008    | %      | V.M. anual |
| Ata certificado de escolaridade  | 163.227                                      | 164.434 | 174.116 | 172.557 | 159.825 | 1.207  | 0,74  | 9.682  | 5,89  | -1.559 | -0,90 | -12.732 | -7,38  | -0,53      |
| BUP / Bacharelato superior / COU | 119.738                                      | 122.348 | 132.250 | 140.106 | 123.433 | 2.610  | 2,18  | 9.902  | 8,09  | 7.856  | 5,94  | -16.673 | -11,90 | 0,76       |
| Formación profesional            | 82.961                                       | 106.160 | 124.600 | 121.098 | 109.369 | 23.199 | 27,96 | 18.440 | 17,37 | -3.502 | -2,81 | -11.729 | -9,69  | 7,15       |
| Titulación ensino obrigatorio    | 318.398                                      | 312.605 | 335.065 | 341.436 | 320.149 | -5.793 | -1,82 | 22.460 | 7,18  | 6.371  | 1,90  | -21.287 | -6,23  | 0,14       |
| Titulados universitarios         | 81.699                                       | 85.681  | 91.563  | 89.435  | 81.394  | 3.982  | 4,87  | 5.882  | 6,86  | -2.128 | -2,32 | -8.041  | -8,99  | -0,09      |
| Total                            | 766.023                                      | 791.228 | 857.594 | 864.632 | 794.170 | 25.205 | 3,29  | 66.366 | 8,39  | 7.038  | 0,82  | -70.462 | -8,15  | 0,91       |

Polo que se refire á evolución dos contratos por nivel formativo, cabe dicir que non houbo un comportamento uniforme, senón que este foi diferente dependendo do nivel formativo e do ano; así, no ano 2006 a contratación aumentou en todas as agrupacións por niveis educativos e, pola contra, no ano 2008 produciuse unha redución tamén en todos os grupos.

Se atendemos á variación media anual, o grupo que rexistrou as porcentaxes positivas máis significativas (7,15%) foron os de formación profesional, e os que experimentaron a variación media negativa máis baixa foron os titulados universitarios (0,09%).




### 2.4.9.- Contratos por tipoloxía

|                          | Homes   | %     | Mulleres | %     | Total   | %     |
|--------------------------|---------|-------|----------|-------|---------|-------|
| Indefinido               | 44.274  | 10,79 | 26.805   | 6,99  | 71.079  | 8,95  |
| Indefinido tempo parcial | 4.917   | 1,20  | 12.081   | 3,15  | 16.998  | 2,14  |
| Outros                   | 14.103  | 3,44  | 4.773    | 1,24  | 18.876  | 2,38  |
| Prácticas/Formación      | 8.004   | 1,95  | 6.336    | 1,65  | 14.340  | 1,81  |
| Temporal                 | 279.458 | 68,08 | 217.133  | 56,59 | 496.591 | 62,53 |
| Temporal tempo parcial   | 59.702  | 14,55 | 116.584  | 30,38 | 176.286 | 22,20 |
| Total                    | 410.458 | 100   | 383.712  | 100   | 794.170 | 100   |

Cómpre destacar que do total de contratos realizados en Galicia no ano 2008, o 8,95% foron indefinidos a tempo completo, mentres que os contratos temporais representaron o 62,53%. Constatase así que o peso da contratación temporal foi moi superior ao da contratación indefinida.

Por sexo, a situación foi moi similar: houbo un predominio da contratación temporal para ambos os dous xéneros, pero o peso da contratación foi superior nos homes, coa única excepción da modalidade da contratación a tempo parcial, tanto indefinida como temporal, onde destacou claramente o colectivo feminino, que chegou a duplicar á contratación masculina no caso dos contratos temporais e case a triplicou no caso dos contratos indefinidos.

Contratos por tipoloxía




### 2.4.10.- Evolución anual dos contratos por tipoloxía

|                             | Evolución nº de contratos. Periodo 2004-2008 |         |         |         |         |        |       |        |       |        |        |         |        |               |
|-----------------------------|----------------------------------------------|---------|---------|---------|---------|--------|-------|--------|-------|--------|--------|---------|--------|---------------|
|                             | 2004                                         | 2005    | 2006    | 2007    | 2008    | 2005   | %     | 2006   | %     | 2007   | %      | 2008    | %      | V.M.<br>anual |
| Indefinido                  | 50.355                                       | 57.200  | 78.912  | 81.291  | 71.079  | 6.845  | 13,59 | 21.712 | 37,96 | 2.379  | 3,01   | -10.212 | -12,56 | 9,00          |
| Indefinido tempo<br>parcial | 13.890                                       | 12.660  | 16.683  | 17.417  | 16.998  | -1.230 | -8,86 | 4.023  | 31,78 | 734    | 4,40   | -419    | -2,41  | 5,18          |
| Outros                      | 30.253                                       | 29.352  | 28.804  | 20.195  | 18.876  | -901   | -2,98 | -548   | -1,87 | -8.609 | -29,89 | -1.319  | -6,53  | -11,12        |
| Prácticas/<br>Formación     | 20.990                                       | 20.500  | 20.181  | 19.927  | 14.340  | -490   | -2,33 | -319   | -1,56 | -254   | -1,26  | -5.587  | -28,04 | -9,09         |
| Temporal                    | 493.861                                      | 507.603 | 532.646 | 541.849 | 496.591 | 13.742 | 2,78  | 25.043 | 4,93  | 9.203  | 1,73   | -45.258 | -8,35  | 0,14          |
| Temporal tempo<br>parcial   | 156.674                                      | 163.913 | 180.368 | 183.953 | 176.286 | 7.239  | 4,62  | 16.455 | 10,04 | 3.585  | 1,99   | -7.667  | -4,17  | 2,99          |
| Total                       | 766.023                                      | 791.228 | 857.594 | 864.632 | 794.170 | 25.205 | 3,29  | 66.366 | 8,39  | 7.038  | 0,82   | -70.462 | -8,15  | 0,91          |

En relación cos datos que proporciona a táboa anterior, concluímos que a contratación das modalidades "outros" (onde se engloban distintos tipos de contratos como colaboración social, discapacitados, xubilación especial 64 anos, etc.) e "prácticas/formación" decreceron ao longo de todo o período, e neste último caso a diminución no ano 2008 foi verdadeiramente importante (-28,04%). Foron tamén estas dúas modalidades de contratación as que soportaron unha variación media negativa. Nos demais tipos de contratos produciuse un aumento continuado da contratación ata o ano 2007; no entanto, o ano 2008 deixou un resultado negativo, especialmente na contratación indefinida, que diminuíu respecto ao ano anterior en 10.212 contratos, o que supuxo un -12,56%, seguido da contratación temporal, con 45.258 contratos menos, o que significou en termos relativos un 8,35% menos.

#### Evolución anual por tipoloxía da contratación




### 2.4.11.- Índice de rotación

| Ano  | Contratos | Contratados | Índice de rotación |
|------|-----------|-------------|--------------------|
| 2004 | 766.023   | 384.821     | 1,99               |
| 2005 | 791.228   | 389.625     | 2,03               |
| 2006 | 857.594   | 416.336     | 2,06               |
| 2007 | 864.632   | 415.530     | 2,08               |
| 2008 | 794.170   | 379.649     | 2,09               |

O índice de rotación é a relación entre o número de contratos e o número de persoas contratadas nun período de tempo, polo que finalmente a media de contratos dunha persoa aumenta de maneira paulatina, sendo cada ano superior á do ano anterior; así, no ano 2008 cada persoa contratada tivo unha media de 2,09 contratos.

Se poñemos o dato do índice de rotación de 2008 (2,09) en relación co de 2004 (1,99%), prodúcese un incremento de 0,1 neste período de cinco anos.

Índice de rotación dos contratos




### 2.4.12.- Contratos por sector económico

|                            | Subsector                  | Homes   | %     | Mulleres | %     | Total   | %     |
|----------------------------|----------------------------|---------|-------|----------|-------|---------|-------|
| <b>SECTOR PRIMARIO</b>     | Agricultura e pesca        | 19.480  | 4,75  | 4.396    | 1,15  | 23.876  | 3,01  |
| Total SECTOR PRIMARIO      |                            | 19.480  | 4,75  | 4.396    | 1,15  | 23.876  | 3,01  |
| <b>SECTOR SECUNDARIO</b>   | Industria                  | 47.218  | 11,50 | 29.263   | 7,63  | 76.481  | 9,63  |
|                            | Electricidade              | 543     | 0,13  | 168      | 0,04  | 711     | 0,09  |
| Total SECTOR SECUNDARIO    |                            | 47.761  | 11,64 | 29.431   | 7,67  | 77.192  | 9,72  |
| <b>SECTOR CONSTRUCCIÓN</b> | Construcción               | 76.888  | 18,73 | 4.753    | 1,24  | 81.641  | 10,28 |
| Total SECTOR CONSTRUCCIÓN  |                            | 76.888  | 18,73 | 4.753    | 1,24  | 81.641  | 10,28 |
| <b>SECTOR SERVICIOS</b>    | Comercio e hostalaría      | 61.685  | 15,03 | 108.670  | 28,32 | 170.355 | 21,45 |
|                            | Transporte e comunicacións | 48.118  | 11,72 | 20.207   | 5,27  | 68.325  | 8,60  |
|                            | Outros servizos            | 156.526 | 38,13 | 216.255  | 56,36 | 372.781 | 46,94 |
| Total SECTOR SERVICIOS     |                            | 266.329 | 64,89 | 345.132  | 89,95 | 611.461 | 76,99 |
| Total xeral                |                            | 410.458 | 100   | 383.712  | 100   | 794.170 | 100   |

O sector económico que concentrou o maior número de contratos (un 76,99%) foi o sector servizos, e dentro deste sector o subsector "outros servizos" englobou o 46,94%, seguido do de "comercio e hostalaría" co 21,45%. O seguinte sector en importancia, pero xa a bastante distancia, foi o da construción, cun peso porcentual do 10,28%.

Por sexo, tamén foi o sector servizos o que predominou, pero mentres que a contratación a mulleres foi maioritaria nos subsectores "comercio e hostalaría" e "outros servizos", os homes destacaron claramente no de "transportes e comunicacións". Se analizamos o resto dos sectores, en todos tiveron maior peso os homes, especialmente no caso da construción, onde se rexistraron 76.888 contratos cos traballadores do xénero masculino, mentres que co xénero feminino foron 4.753.

Contratos por sector de actividade




## 2.4.13.- Evolución anual dos contratos por sectores de actividade

|                            | 2004    | 2005    | 2006    | 2007    | 2008    | 2005   | %     | 2006   | %     | 2007   | %      | 2008    | %      | V.M. anual |
|----------------------------|---------|---------|---------|---------|---------|--------|-------|--------|-------|--------|--------|---------|--------|------------|
| Agricultura e pesca        | 20.956  | 21.932  | 21.727  | 21.312  | 23.876  | 976    | 4,66  | -205   | -0,93 | -415   | -1,91  | 2.564   | 12,03  | 3,31       |
| Industria                  | 92.173  | 90.997  | 92.811  | 91.595  | 76.481  | -1.176 | -1,28 | 1.814  | 1,99  | -1.216 | -1,31  | -15.114 | -16,50 | -4,56      |
| Electricidade              | 821     | 766     | 770     | 652     | 711     | -55    | -6,70 | 4      | 0,52  | -118   | -15,32 | 59      | 9,05   | -3,53      |
| Construción                | 95.538  | 98.084  | 106.600 | 101.679 | 81.641  | 2.546  | 2,66  | 8.516  | 8,68  | -4.921 | -4,62  | -20.038 | -19,71 | -3,85      |
| Comercio e hostalaría      | 163.171 | 161.826 | 177.575 | 178.588 | 170.355 | -1.345 | -0,82 | 15.749 | 9,73  | 1.013  | 0,57   | -8.233  | -4,61  | 1,08       |
| Transporte e comunicacións | 63.663  | 70.014  | 72.800  | 72.151  | 68.325  | 6.351  | 9,98  | 2.786  | 3,98  | -649   | -0,89  | -3.826  | -5,30  | 1,78       |
| Outros servizos            | 329.701 | 347.609 | 385.311 | 398.655 | 372.781 | 17.908 | 5,43  | 37.702 | 10,85 | 13.344 | 3,46   | -25.874 | -6,49  | 3,12       |
| Total                      | 766.023 | 791.228 | 857.594 | 864.632 | 794.170 | 25.205 | 3,29  | 66.366 | 8,39  | 7.038  | 0,82   | -70.462 | -8,15  | 0,91       |

Se analizamos os datos da táboa anterior, observamos que o subsector “outros servizos” foi o único que experimentou un crecemento continuo desde 2004 ata o ano 2007, pero no ano 2008 foi neste subsector onde máis contratos se perderon, cunha baixada de 25.874 contratos. Respecto á agricultura e pesca, reduciaron contratos ata o ano 2007, pero en 2008 experimentaron un aumento importante da contratación (2.564 contratos, o que supuxo un 12,03% de aumento), sendo este mesmo sector o que rexistrou a maior variación media anual positiva (3,31%). A “electricidade” foi o outro subsector que rexistrou unha contratación positiva neste mesmo ano (9,05%). O resto dos subsectores perderon contratos; foi o sector da construción o que sufriu o maior descenso, continuando coa tendencia negativa que xa iniciara en 2007 e agravándose este ano coa perda de 20.038 contratos, o que supuxo un 19,71% menos que no ano anterior.

Evolución anual por sectores económicos




## □ □ □ 2.4.14.- Contratos por gran grupo de ocupación

|                                                                                                                                                  | Homes   | %     | Mulleres | %     | Total   | %     |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------|-------|----------|-------|---------|-------|
| Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, a construción e a minaría, agás os operadores de instalacións e maquinaria | 88.422  | 21,54 | 18.647   | 4,86  | 107.069 | 13,48 |
| Dirección das empresas e das administracións públicas                                                                                            | 1.413   | 0,34  | 793      | 0,21  | 2.206   | 0,28  |
| Empregados de tipo administrativo                                                                                                                | 19.897  | 4,85  | 55.356   | 14,43 | 75.253  | 9,48  |
| Forzas armadas                                                                                                                                   | 217     | 0,05  | 82       | 0,02  | 299     | 0,04  |
| Operadores de instalación e maquinaria, e montadores                                                                                             | 61.196  | 14,91 | 16.458   | 4,29  | 77.654  | 9,78  |
| Técnicos e profesionais científicos e intelectuais                                                                                               | 33.203  | 8,09  | 33.787   | 8,81  | 66.990  | 8,44  |
| Técnicos e profesionais de apoio                                                                                                                 | 35.697  | 8,70  | 31.461   | 8,20  | 67.158  | 8,46  |
| Traballadores cualificados na agricultura e na pesca                                                                                             | 10.595  | 2,58  | 3.322    | 0,87  | 13.917  | 1,75  |
| Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores dos comercios                                                      | 48.353  | 11,78 | 139.386  | 36,33 | 187.739 | 23,64 |
| Traballadores non cualificados                                                                                                                   | 111.465 | 27,16 | 84.420   | 22,00 | 195.885 | 24,67 |
| Total                                                                                                                                            | 410.458 | 100   | 383.712  | 100   | 794.170 | 100   |

A maioría dos contratos rexistráronse no grupo de “traballadores non cualificados” (o 24,67%), seguido moi de cerca polos “traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores dos comercios” co 23,64%; entre estes dous grupos concentraron case a metade da contratación.

Por xénero, as diferenzas máis notables atopáronse en que, mentres as mulleres foron máis contratadas nas ocupacións do grupo de “traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores dos comercios” (36,33%), seguido dos “traballadores non cualificados” (22%), os homes tiveron máis peso no grupo de “traballadores non cualificados” (27,16%), seguido de “artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, a construción e a minaría, agás os operadores de instalacións e maquinaria” (21,54%).

### Contratos por gran grupo de ocupación




### 2.4.15.- Evolución anual dos contratos por gran grupo de ocupación

|                                                                                                                                                  | 2004    | 2005    | 2006    | 2007    | 2008    | 2005   | %     | 2006   | %       | 2007   | %     | 2008    | %      | V.M. anual |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------|---------|---------|---------|---------|--------|-------|--------|---------|--------|-------|---------|--------|------------|
| Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, a construción e a minaría, agás os operadores de instalacións e maquinaria | 118.733 | 121.132 | 130.120 | 124.670 | 107.069 | 2.399  | 2,02  | 8.988  | 7,42    | -5.450 | -4,19 | -17.601 | -14,12 | -2,55      |
| Dirección das empresas e das administracións públicas                                                                                            | 1.769   | 1.956   | 2.371   | 2.383   | 2.206   | 187    | 10,57 | 415    | 21,22   | 12     | 0,51  | -177    | -7,43  | 5,67       |
| Empregados de tipo administrativo                                                                                                                | 68.152  | 72.385  | 80.564  | 78.387  | 75.253  | 4.233  | 6,21  | 8.179  | 11,30   | -2.177 | -2,70 | -3.134  | -4,00  | 2,51       |
| Forzas armadas                                                                                                                                   | 0       | 174     | 2.771   | 5.403   | 299     | 174    |       | 2.597  | 1492,53 | 2.632  | 94,98 | -5.104  | -94,47 |            |
| Operadores de instalación e maquinaria, e montadores                                                                                             | 69.922  | 68.563  | 78.674  | 85.064  | 77.654  | -1.359 | -1,94 | 10.111 | 14,75   | 6.390  | 8,12  | -7.410  | -8,71  | 2,66       |
| Técnicos e profesionais científicos e intelectuais                                                                                               | 65.886  | 63.220  | 68.296  | 67.162  | 66.990  | -2.666 | -4,05 | 5.076  | 8,03    | -1.134 | -1,66 | -172    | -0,26  | 0,42       |
| Técnicos e profesionais de apoio                                                                                                                 | 52.831  | 58.861  | 63.260  | 69.079  | 67.158  | 6.030  | 11,41 | 4.399  | 7,47    | 5.819  | 9,20  | -1.921  | -2,78  | 6,18       |
| Traballadores cualificados na agricultura e na pesca                                                                                             | 12.353  | 13.593  | 13.259  | 13.172  | 13.917  | 1.240  | 10,04 | -334   | -2,46   | -87    | -0,66 | 745     | 5,66   | 3,03       |
| Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores dos comercios                                                      | 163.328 | 168.730 | 188.896 | 194.449 | 187.739 | 5.402  | 3,31  | 20.166 | 11,95   | 5.553  | 2,94  | -6.710  | -3,45  | 3,54       |
| Traballadores non cualificados                                                                                                                   | 213.038 | 222.609 | 229.383 | 224.863 | 195.885 | 9.571  | 4,49  | 6.774  | 3,04    | -4.520 | -1,97 | -28.978 | -12,89 | -2,08      |
| Total                                                                                                                                            | 766.023 | 791.228 | 857.594 | 864.632 | 794.170 | 25.205 | 3,29  | 66.366 | 8,39    | 7.038  | 0,82  | -70.462 | -8,15  | 0,91       |

A análise da táboa anterior mostra como a evolución dos últimos cinco anos por gran grupo de ocupación foi diferente dependendo do ano ou do grupo. En consecuencia, hai grupos que medraron ata o ano 2007, mentres que noutros o seu comportamento foi bastante irregular dependendo do ano; o que si é certo é que no ano 2008 todos os grupos perderon contratos, agás o de “traballadores cualificados na agricultura e na pesca”, que aumentou en 745 contratos en relación co ano anterior, o que supuxo o 5,66%.

Polo que respecta á variación media anual, o grupo que experimentou a maior variación foi o de “técnicos e profesionais de apoio” (6,18%), seguido do “dirección das empresas e das administracións públicas” (5,67%). Pola contra, o gran grupo que rexistra a maior variación negativa é “artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, a construción e a minaría, agás os operadores de instalacións e maquinaria”.

**Evolución anual da contratación por gran grupo de ocupación**




### 2.4.16.- As dez ocupacións máis contratadas

| Ocupacións                                                                                     | Homes  | Mulleres | Total  | %    |
|------------------------------------------------------------------------------------------------|--------|----------|--------|------|
| Peóns de industrias manufactureiras                                                            | 41.677 | 21.656   | 63.333 | 7,97 |
| Camareiros, barmans e asimilados                                                               | 25.701 | 35.064   | 60.765 | 7,65 |
| Dependentes e exhibidores en tendas, almacéns, quioscos e mercados                             | 8.495  | 48.038   | 56.533 | 7,12 |
| Persoal de limpeza de oficinas, hoteis (camareiras de piso) e outros establecementos similares | 5.315  | 40.497   | 45.812 | 5,77 |
| Peóns do transporte e descargadores                                                            | 32.463 | 8.529    | 40.992 | 5,16 |
| Albaneis e canteiros                                                                           | 24.046 | 615      | 24.661 | 3,11 |
| Taquígrafos e mecanógrafos                                                                     | 4.715  | 14.201   | 18.916 | 2,38 |
| Cociñeiros e outros preparadores de comidas                                                    | 4.654  | 13.360   | 18.014 | 2,27 |
| Compositores, músicos e cantantes                                                              | 12.308 | 2.690    | 14.998 | 1,89 |
| Condutores de camións                                                                          | 14.441 | 439      | 14.880 | 1,87 |

Na relación dos dez grupos ocupacionais máis contratados, constatamos que en xeral responden a un baixo nivel de cualificación; así, figuran en primeiro lugar os “peóns de industrias manufactureiras” (7,97%), seguido dos “camareiros, barmans e asimilados” (7,65% da contratación total). Por outra banda, destes dez grupos ocupacionais, algúns son de perfil marcadamente masculino, como “albaneis e canteiros”, onde se rexistraron 24.046 contratos con homes, mentres que con mulleres foron 615; ou “condutores de camións”, con 14.441 contratos de xénero masculino fronte a 439 do feminino. Pola contra, nos grupos ocupacionais de “dependentes e exhibidores en tendas, almacéns, quioscos e mercados” e de “persoal de limpeza de oficinas, hoteis (camareiras de piso) e outros establecementos similares” a contratación feminina é a que presenta maior peso.

#### As dez ocupacións máis contratadas



## 2.5. FORMACIÓN


### 2.5.1.- Número de cursos e alumnos que participaron na formación ocupacional no ano 2008

| FAMILIA                                | ALUMNOS |        |          |                   |
|----------------------------------------|---------|--------|----------|-------------------|
|                                        | CURSOS  | HOMES  | MULLERES | % TOTAL DE CURSOS |
| Actividades físicas e deportivas       | 4       | 42     | 18       | 0,19              |
| Administración e xestión               | 311     | 1189   | 3434     | 14,58             |
| Agraria                                | 46      | 379    | 362      | 2,16              |
| Artes e artesanías                     | 6       | 46     | 52       | 0,28              |
| Artes gráficas                         | 38      | 258    | 349      | 1,78              |
| Comercio e márketing                   | 126     | 351    | 1565     | 5,91              |
| Edificación e obra civil               | 133     | 1523   | 748      | 6,24              |
| Electricidade e electrónica            | 59      | 863    | 108      | 2,77              |
| Energía e auga                         | 44      | 574    | 96       | 2,06              |
| Fabricación mecánica                   | 77      | 1078   | 139      | 3,61              |
| Formación complementaria               | 16      | 42     | 71       | 0,75              |
| Hostalaría e turismo                   | 79      | 317    | 972      | 3,70              |
| Imaxe e son                            | 12      | 148    | 97       | 0,56              |
| Imaxe persoal                          | 34      | 14     | 416      | 1,59              |
| Industrias alimentarias                | 44      | 150    | 328      | 2,06              |
| Industrias extractivas                 | 1       | 17     | 1        | 0,05              |
| Informática e comunicacións            | 251     | 1350   | 2307     | 11,77             |
| Instalación e mantemento               | 22      | 295    | 30       | 1,03              |
| Madeira, moble e cortiza               | 48      | 582    | 238      | 2,25              |
| Marítimo-pesqueira                     | 9       | 31     | 17       | 0,42              |
| Química                                | 6       | 43     | 19       | 0,28              |
| Sanidade                               | 83      | 92     | 1209     | 3,89              |
| Seguridade e medio ambiente            | 43      | 373    | 120      | 2,02              |
| Servizos socioculturais e á comunidade | 248     | 569    | 3453     | 11,63             |
| Téxtil, confección e pel               | 40      | 44     | 522      | 1,88              |
| Transporte e mantemento de vehículos   | 353     | 3132   | 1325     | 16,55             |
| Total xeral                            | 2.133   | 13.502 | 17.996   | 100               |

Dentro da formación ocupacional por familia, destaca notablemente a de “transporte e mantemento de vehículos”, que concentrou o 16,55% da totalidade dos cursos que se impartiron en Galicia; séguelle moi de cerca a familia de “administración e xestión”, co 14,58%. Aínda que, se atendemos ao número de alumnos,


a situación invértese, englobando o maior número de alumnos a familia de “administración e xestión”, malia rexistrar menor número de cursos. Pola contra, e fronte ao resto de especialidades que se sitúan máis ou menos preto da media, figuran cos niveis máis baixos a de “industrias extractivas” (0,05%), “actividades físicas e deportivas” (0,19%), “artes e artesanía” (0,28%) e “química” (0,28%).

### Cursos por familia profesional



**Nota:** Na denominación de “outros” están englobadas aquelas familias que impartiron menos do 1% da totalidade dos cursos: “Actividades físicas e deportivas”, “Artes e artesanías”, “Formación complementaria”, “Imaxe e son”, “Industrias extractivas”, “Marítimo-pesqueira” e “Química”.

### Alumnos formados por Familia Profesional



**Nota:** Na denominación de "outros" están englobadas aquelas familias que impartiron menos do 1% da totalidade dos cursos: "Actividades físicas e deportivas", "Artes e artesanías", "Formación complementaria", "Imaxe e son", "Industrias extractivas", "Marítimo-pesqueira" e "Química".


## 2.5.2.- Cursos impartidos e alumnos por familia e provincia

|                                        | A CORUÑA |         | LUGO   |         | OURENSE |         | PONTEVEDRA |         | % CURSOS |        |         |            |
|----------------------------------------|----------|---------|--------|---------|---------|---------|------------|---------|----------|--------|---------|------------|
|                                        | cursos   | alumnos | cursos | alumnos | cursos  | alumnos | cursos     | alumnos | A CORUÑA | LUGO   | OURENSE | PONTEVEDRA |
| Actividades físicas e deportivas       | 1        | 8       |        |         | 1       | 18      | 2          | 34      | 25,00    | 0,00   | 25,00   | 50,00      |
| Administración e xestión               | 127      | 1845    | 28     | 466     | 39      | 636     | 117        | 1676    | 40,84    | 9,00   | 12,54   | 37,62      |
| Agraria                                | 17       | 263     | 9      | 152     | 9       | 135     | 11         | 191     | 36,96    | 19,57  | 19,57   | 23,91      |
| Artes e artesanías                     | 1        | 15      | 2      | 34      | 2       | 33      | 1          | 16      | 16,67    | 33,33  | 33,33   | 16,67      |
| Artes gráficas                         | 8        | 130     | 18     | 266     | 3       | 55      | 9          | 156     | 21,05    | 47,37  | 7,89    | 23,68      |
| Comercio e márketing                   | 50       | 663     | 13     | 228     | 16      | 307     | 47         | 718     | 39,68    | 10,32  | 12,70   | 37,30      |
| Edificación e obra civil               | 49       | 806     | 36     | 609     | 16      | 307     | 32         | 549     | 36,84    | 27,07  | 12,03   | 24,06      |
| Electricidade e electrónica            | 23       | 383     | 10     | 159     | 6       | 112     | 20         | 317     | 38,98    | 16,95  | 10,17   | 33,90      |
| Enerxía e auga                         | 12       | 187     | 15     | 233     | 5       | 66      | 12         | 184     | 27,27    | 34,09  | 11,36   | 27,27      |
| Fabricación mecánica                   | 38       | 611     | 7      | 65      | 6       | 103     | 26         | 438     | 49,35    | 9,09   | 7,79    | 33,77      |
| Formación complementaria               | 2        | 19      | 1      | 10      | 11      | 60      | 2          | 24      | 12,50    | 6,25   | 68,75   | 12,50      |
| Hostalaría e turismo                   | 36       | 571     | 7      | 141     | 20      | 339     | 16         | 238     | 45,57    | 8,86   | 25,32   | 20,25      |
| Imaxe e son                            | 8        | 176     |        | 0       |         | 0       | 4          | 69      | 66,67    | 0,00   | 0,00    | 33,33      |
| Imaxe persoal                          | 7        | 101     | 8      | 135     | 4       | 60      | 15         | 134     | 20,59    | 23,53  | 11,76   | 44,12      |
| Industrias alimentarias                | 17       | 174     | 5      | 84      | 5       | 90      | 17         | 130     | 38,64    | 11,36  | 11,36   | 38,64      |
| Industrias extractivas                 |          | 0       | 1      | 18      |         | 0       |            | 0       | 0,00     | 100,00 | 0,00    | 0,00       |
| Informática e comunicacións            | 88       | 1177    | 40     | 676     | 40      | 652     | 83         | 1152    | 35,06    | 15,94  | 15,94   | 33,07      |
| Instalación e mantemento               | 7        | 110     | 3      | 40      | 3       | 47      | 9          | 128     | 31,82    | 13,64  | 13,64   | 40,91      |
| Madeira, moble e cortiza               | 23       | 395     | 6      | 82      | 7       | 131     | 12         | 212     | 47,92    | 12,50  | 14,58   | 25,00      |
| Marítimo-pesqueira                     |          | 0       | 1      | 15      |         | 0       | 8          | 33      | 0,00     | 11,11  | 0,00    | 88,89      |
| Química                                | 3        | 41      |        | 0       |         | 0       | 3          | 21      | 50,00    | 0,00   | 0,00    | 50,00      |
| Sanidade                               | 25       | 422     | 20     | 323     | 18      | 298     | 20         | 258     | 30,12    | 24,10  | 21,69   | 24,10      |
| Seguridade e medio ambiente            | 24       | 259     | 5      | 62      | 4       | 66      | 10         | 106     | 55,81    | 11,63  | 9,30    | 23,26      |
| Servizos socioculturais e á comunidade | 116      | 1919    | 35     | 624     | 35      | 566     | 62         | 913     | 46,77    | 14,11  | 14,11   | 25,00      |
| Téxtil, confección e pel               | 23       | 395     |        | 0       | 4       | 62      | 13         | 109     | 57,50    | 0,00   | 10,00   | 32,50      |
| Transporte e mantemento de vehículos   | 47       | 671     | 41     | 666     | 20      | 285     | 245        | 2835    | 13,31    | 11,61  | 5,67    | 69,41      |
| Total xeral                            | 752      | 11341   | 311    | 5088    | 274     | 4428    | 796        | 10641   | 35,26    | 14,58  | 12,85   | 37,32      |

Se atendemos á distribución de cursos por provincia, hai que sinalar que entre as provincias da Coruña e Pontevedra concentraron máis do 72% dos cursos que se imparten na nosa comunidade. Ademais existen familias profesionais que se impartiron case nunha única provincia, como marítimo-pesqueira, onde o 88,89%

da formación se localiza na provincia de Pontevedra; tamén na familia de “transporte e mantemento de vehículos” é a mesma provincia a que acapara o 69,41%. Polo contrario, hai provincias que non impartiron ningún curso de determinadas familias; sirva como exemplo Lugo, que non realizou ningún curso das familias de “actividades físicas e deportivas”, “imaxe e son”, “química” e tampouco da familia de “técnica, confección e pel”.

### Cursos por Familia Profesional e Provincias



**Nota:** Na denominación de “outros” están englobadas aquelas familias que impartiron menos do 1% da totalidade dos cursos: “Actividades físicas e deportivas”, “Artes e artesanías”, “Formación complementaria”, “Imaxe e son”, “Industrias extractivas”, “Marítimo-pesqueira” e “Química”.

## 2.6. CONCLUSIÓN

### Perfil sociodemográfico

□□ **A taxa de actividade** (que é o cociente entre o número total de activos e a poboación total) de Galicia situouse no 55,1%. Incrementouse en 0,8 puntos respecto ao ano anterior; un aumento similar experimentou a do Estado, aínda que esta superou a galega en 4,7 puntos.

□□ En canto á **taxa de emprego** de Galicia para o ano 2008, foi do 50,3%; tamén aumentou en 0,2 puntos, mentres que a de España se reduciu en 1,03 puntos. Aínda así, a taxa de ocupación para o conxunto do país superou a galega en 2,72 puntos.

□□ A **taxa de paro** (que é o cociente entre o número de parados e o número de activos) aumentou en Galicia (1,1 puntos) e tamén en España (3,07 puntos), situándose na nosa comunidade no 8,7% e en España no 11,33%.

Ao analizar por xénero as taxas referidas, cabe destacar que en xeral se reproduciu a situación de anos anteriores; as taxas de actividade e ocupación foron notablemente superiores no colectivo masculino, mentres que nas taxas de paro foron as mulleres as que novamente concentraron os valores máis altos, e esta situación repítese tanto na nosa comunidade como en España, aínda que existen algunhas diferenzas. As cifras foron superiores no Estado tanto nas taxas de actividade e ocupación como tamén nas de paro. Por outra banda, as distancias entre sexos tamén foron máis acusadas no Estado.

O balance do ano 2008 tanto en Galicia como no Estado non foi tan optimista como en anos anteriores; as taxas de ocupación e actividade medraron, pero moito menos que nos anos precedentes, e iso cando non houbo unha redución, como foi o caso da taxa de ocupación masculina do Estado.

E en canto á taxa de paro, aumentou tanto para o conxunto da poboación como por xénero, especialmente a taxa de paro masculino e nos dous ámbitos xeográficos. Con todo, o ano remata, en canto ao paro rexistrado, con cifras menos desfavorables para a nosa comunidade.

Así pois, recordando as directrices da Unión Europea que sitúan como obxectivo acadar unha taxa de emprego no ano 2010 do 70% en xeral e do 60% para as mulleres, atopámonos con que, se en anos anteriores estabamos a bastante distancia das directrices do cumio de Lisboa, na actual situación de desaceleración económica as metas da Unión Europea atópanse un pouco máis lonxe que o ano anterior, tanto no caso de España como no de Galicia.



## Tecido produtivo

O tecido empresarial de Galicia destaca pola excesiva concentración das empresas nas provincias da Coruña e Pontevedra, o que as converte nas máis dinámicas de Galicia.

Polo que se refire á evolución dos datos ofrecidos pola Tesouraría da Seguridade Social, podemos dicir que ata o ano 2007 o tecido produtivo galego non deixou de medrar, tanto en número de empresas, como en número de traballadores, como no que se refire a autónomos, aínda que a un ritmo cada vez menor, pero no ano 2008 produciuse un descenso no número de empresas e no de traballadores. Non obstante, o número de autónomos subiu considerablemente, aínda que é necesario sinalar que este aumento no número de autónomos parece máis debido aos xa comentados cambios efectuados na Seguridade Social que a un aumento real.

O sector dominante en canto ao volume de empresas, traballadores e autónomos segue a ser o de servizos, aínda que está a presentar un balance negativo no ano 2008, coa excepción do subsector "outros servizos", único que non sofre unha diminución tanto no número de empresas como de traballadores ou de autónomos, talvez debido a que este subsector engloba unha innumerable cantidade de diversos servizos que van desde a limpeza, os servizos xurídicos, os técnicos, de vixilancia, ata asesorías, contabilidade, etc.

O sector primario, en canto ao número de empresas, experimenta un lixeiro crecemento, o que nos indica unha certa recuperación, aínda que non a suficiente para compensar a perda dos outros sectores; porén, semella que recobra certa importancia.

É o sector da construción o que rexistra as maiores perdas; xa no ano 2007 aparecían indicios dunha certa desaceleración, pero vai ser no ano 2008 cando se produza un cambio de ciclo, pasando de ser un sector cunha creación de emprego espectacular nos últimos anos a unha destrución masiva.

Para finalizar, enuméranse as empresas por CNAE con crecemento sostiño nos últimos cinco anos, as empresas segundo o número de traballadores e tamén o número de autónomos. En canto ás empresas, tal e como acontecía o ano anterior, a actividade económica que máis medrou foi "fogares que empregan persoal doméstico", mentres que no caso de empresas segundo o número de traballadores son as de "actividades sanitarias e veterinarias, servizos sociais" as que encabezan este crecemento, seguidas por "fogares que empregan persoal doméstico".

Podemos sinalar, como nota común aos tres casos, a importancia de actividades relacionadas cos servizos. Por outro lado, a construción, actividade que ocupaba o primeiro lugar en anos anteriores, desaparece das listas. Por último, cómpre dicir que o número de sectores con crecemento sostido é sensiblemente menor.

### Paro rexistrado

O número total de parados rexistrados nas oficinas de emprego da nosa comunidade autónoma ao finalizar o mes de decembro de 2008 ascendía a 189.903: aumentou respecto ao ano anterior en 34.921 desempregados (22,53%). Cómpre sinalar que nos atopamos ante un cadro menos optimista que o de anos anteriores, onde todo apunta que pasamos dunha etapa de creación de emprego a outra onde a caída vai ser a regra e onde as dificultades para atopar emprego van ser cada vez maiores.

Se atendemos ao sexo, pódese ver que as mulleres paradas superan novamente aos homes; no entanto, durante o ano 2008 prodúcese un cambio importante: o paro incrementouse máis nos homes que nas mulleres (o que pode ser debido a que a destrución de emprego se produciu en sectores marcadamente masculinos, como é o caso da construción), o que permitiu reducir as diferenzas entres ambos os dous sexos.

Seguen a ser as provincias da Coruña e Pontevedra as que concentran a proporción máis alta de parados, aproximadamente o 75%, e tal como sucedía co tecido empresarial e como confirma a variable de contratos, estas dúas provincias son predominantes dentro do conxunto de Galicia e todo indica que as grandes diferenzas entres as provincias occidentais e orientais van seguir.

En canto ao comportamento da evolución do paro ao longo dos doce meses do ano 2008, os datos reflicten unha redución do paro desde marzo ata xullo, pero a partir de agosto (mes en que tradicionalmente o desemprego descendía) aumenta cunhas porcentaxes moi superiores ás dos anos anteriores, o que confirma, ademais da consabida estacionalidade do emprego, o empeoramento da situación do mercado laboral.

Polo que se refire aos parados por idade e sexo, poucos cambios hai respecto ao ano anterior, agás o incremento do número de parados. Observamos que os mozos de entre 26 e 35 anos son os demandantes de emprego máis comúns, e a situación vólvese especialmente salientable no caso das mulleres. Por outra banda, mentres todos os colectivos gozaron dunha etapa de bonanza nos anos precedentes, o colectivo de maiores de 55 anos foi o máis prexudicado, xa que non deixou de gañar parados no último quinquenio.

Resumindo, podemos dicir que os colectivos de mozos e de maiores de 55 anos son os que sofren as porcentaxes máis elevadas nas taxas de paro, e dado que a situación para estes colectivos, xa de por si preocupante, tende a empeorar, os poderes públicos deberán continuar adoptando políticas de emprego máis activas enfocadas non só ao acceso ao mercado de traballo, senón, dada a situación actual de destrución de emprego, á permanencia co fin de frear ou reducir a caída do emprego. Por outra banda, se a situación descrita xa non é de por si positiva, se falamos das mulleres a perspectiva aínda semella ser máis sombría, polo que se terá que seguir actuando naquelas iniciativas e medidas concretas que promovan a xeración de emprego, e en particular entre as mulleres novas.

Atendendo ao nivel formativo dos parados, arredor do 70% dos desempregados posúen baixo nivel de cualificación: un nivel académico con titulación de ensino obrigatorio ou incluso por debaixo, o que supón unha diminución importante á hora de atopar emprego, e non só polas exixencias dos empregadores, senón porque, debido ao período de dificultades que atravesa o mercado laboral, as oportunidades laborais diminúen considerablemente, o que fai imprescindible adoptar iniciativas que fomenten a importancia da formación da poboación en xeral e das persoas desempregadas en particular.

De acordo cos datos do paro rexistrado por antigüidade na demanda, compróbase que para o ano 2008 a maioría dos galegos levaban na procura de emprego de 1 a 3 meses. Por outro lado, cabe destacar, como dato positivo, que os parados que levan buscando emprego máis de 24 meses (colectivo que tradicionalmente aparece como un dos máis desfavorecidos en materia de emprego, polas súas dificultades á hora de abandonar as listas do paro) aparecen como o único grupo que durante o ano 2008 experimenta unha redución no seu número.

Respecto aos desempregados rexistrados por sector económico de procedencia, cómpre salientar que o desemprego aumentou en todos os sectores. O sector servizos concentra máis da metade dos parados galegos e dentro deste sector son as mulleres as que recollen as porcentaxes máis elevadas. En segundo lugar aparecen os demandantes do sector industrial, seguido moi de cerca pola construción, o que confirma o que xa era previsible: que a construción foi o sector máis castigado polo paro, acadando unha variación respecto ao ano anterior do 60,34%. Non obstante, e debido a que estamos a falar dun sector claramente masculinizado, este aumento do paro apenas se deixa sentir no colectivo feminino.

Se analizamos os parados rexistrados por gran grupo de ocupación, a maioría dos desempregados concéntranse no grupo de “traballadores non cualificados” –isto indícanos que a subida do paro lles afecta particularmente a aquelas persoas con baixo nivel de cualificación, o que os converte en especialmente vulnerables–, seguido moi de cerca polo grupo

de “traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio”. Unha vez máis, en ambos os casos o número de paradas é moito máis elevado que o de parados.

Por último, das 10 ocupacións máis demandadas que figuran no informe, podemos dicir que, tal e como acontecía en anos anteriores, son ocupacións relacionadas cunha alta taxa de temporalidade e baixa cualificación e marcadamente masculinizadas ou feminizadas segundo o caso, e aquelas onde o número de ambos os dous sexos é similar son as menos.

### Contratos

Os datos da contratación recollidos nas oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia ofrécennos unha visión integral das contratacións da Comunidade Autónoma de Galicia durante o ano 2008.

O número de contratos rexistrados no ano 2008 foi de 794.170, o que supuxo 70.462 contratos menos que o ano anterior.

Se poñemos este dato en relación co incremento da taxa de paro e coas reducións de afiliacións á Seguridade Social, observamos como se rompe a fase expansiva que se viña producindo nestes últimos anos e que, pola contra, estamos entrando noutra en que, cando menos, se produce unha deterioración do mercado de traballo e onde todo apunta a que a situación vai empeorar nos vindeiros meses.

Deste xeito, e recordando as xa mencionadas directrices da Unión Europea que sitúan como obxectivo acadar unha taxa de emprego no ano 2010 do 70% en xeral e no caso das mulleres do 60%, se ata agora, cunha situación económica favorable que propiciaba a creación de emprego, estabamos lonxe de acadar esa meta, nas actuais circunstancias, parece lóxico pensar que as distancias para alcanzar eses obxectivos se van agrandar aínda máis.

Tal e como acontecía en anos anteriores, da totalidade de contratos que se rexistran en Galicia, máis do 82% concéntranse na Coruña e Pontevedra. Este dato, xunto coas outras variables xa comentadas, como é a distribución do tecido empresarial e os datos sobre o paro, corroboran os profundos desequilibrios territoriais e as desigualdades tanto de tipo social como económico que existen na nosa comunidade autónoma entre as provincias do eixe atlántico e as do interior. A Galicia urbana caracterízase por unha sociedade moito máis dinámica, con maior nivel de desenvolvemento, o que implica máis oportunidades. Ao mesmo tempo, existe outra Galicia ben diferente, a rural, que constitúe a maior parte do territorio, e que, a pesar de que nos últimos anos experimentou profundas

transformacións, o certo é que aínda conta cun escaso tecido produtivo, o que implica problemas de empregabilidade e de inserción laboral, provocando un éxodo da poboación, sobre todo de persoas nun tramo de idade intermedia, cara ás grandes cidades, deixando atrás un medio rural bastante despoboado e unha poboación que envellece dun xeito progresivo.

En canto á contratación por sexo, podemos dicir que a contratación masculina predomina sobre a feminina; no entanto, a contratación feminina aumentou a máis ritmo que a dos homes, ata tal punto que no ano 2007 mentres a contratación a mulleres aumentaba a dos homes diminuía, e no ano 2008 a contratación descende para ambos os dous sexos, pero esta redución é máis notable para os homes.

Da información recollida podemos concluír que as diferenzas entre ambos os dous sexos se foron acurtando, sobre todo estes dous últimos anos, e que, malia que a deterioración do emprego lles afecta a ambos os dous sexos, todo indica que, polo de agora, o colectivo máis prexudicado foi o masculino. As razóns pódense atopar no feito de que a construción, responsable directa do incremento do desemprego, é un sector que emprega maioritariamente homes e onde a presenza das mulleres é puramente testemuñal, de aí que o emprego feminino estea aguantando un pouco máis, aínda que as perspectivas tampouco son boas para elas, xa que todo apunta a que o sector servizos tamén destruírá emprego, polo que as mulleres non se librarán desta situación adversa.

No que respecta á contratación por idades, os datos revelan poucas novidades respecto a anos anteriores: a maioría dos contratos, concretamente máis do 65%, seguen a concentrarse con traballadores menores de 36 anos, o que pode ser debido a que os sectores que lideraron a creación de emprego nos últimos anos, é dicir, a construción e os servizos, se nutrían fundamentalmente dun emprego pouco estable, de escasa cualificación e con baixos salarios, cuberto maioritariamente por mozos. Por outra banda, a medida que aumenta a idade do traballador, a contratación tende a descender. Neste feito poden influír distintas causas: por un lado, que os traballadores xa teñen un emprego estable, ou pola contra para os que están desempregados a idade convértese nunha desvantaxe á hora de atopar un emprego, e, se ademais estamos a falar da muller, a situación aínda pode empeorar máis.

Tal e como sucedía en anos anteriores, a contratación en Galicia demanda maioritariamente titulados de ensino obrigatorio ou incluso de menos titulación, o que nos indica que a pesar de que nos anos de bonanza do mercado laboral medraron os empregos cualificados, o aumento das ocupacións pouco ou nada cualificadas foi moito maior sobre todo naqueles relacionados coa construción e a hostalaría. Pero por outra parte tamén se dá a circunstancia de que o noso mercado laboral non absorbe a man de

obra que sae da universidade, en moitos casos persoas cun alto nivel de cualificación e sobradamente preparadas (sobre todo mozos) que se ven obrigadas a aceptar traballos con baixos requirimentos de cualificación, perdéndose así a formación e os coñecementos que poderían achegar. Aínda que neste sentido as mulleres saen mellor paradas que os homes, xa que son máis contratadas para aqueles postos de traballo en que se requiren titulados superiores, o que nos confirma que o aumento da participación feminina no mercado laboral vai en correlación coas melloras educativas e de formación, especialmente cos estudos universitarios.

É necesario sinalar que a contratación temporal descende e tampouco a contratación indefinida se libra dunha diminución a pesar de que ata agora representaba a seguridade e a estabilidade.

A pesar dos esforzos realizados polos poderes públicos no eido das políticas de fomento da contratación indefinida e malia os resultados obtidos neste senso nos últimos anos, o peso da contratación temporal segue sendo moi superior ao que ten a contratación indefinida. O índice de rotación non deixou de medrar, situándose no ano 2008 en 2,09 contratos por persoa, o que nos converte nun dos países da Unión Europea cunhas das taxas máis altas de temporalidade, feito que incide negativamente en distintos aspectos: a temporalidade identifícase con precariedade, con máis sinistralidade, sendo o número de accidentes de traballo maior en traballadores temporais. Pero os efectos negativos abranguen tamén o eido persoal da persoa traballadora, ocasionando frustración, desmotivación, inquietude...

Consecuentemente, a temporalidade segue a ser un dos principais problemas do noso mercado laboral, especialmente na actual situación de recesión económica, polo que segue sendo necesaria a actuación dos poderes públicos á hora de establecer medidas que permitan mellorar a estabilidade no emprego.

Cómpre sinalar que os contratos a tempo parcial, que poden ser temporais ou indefinidos, teñen unha maior incidencia no colectivo feminino. Este tipo de contrato, que nalgúns países da Unión Europea se adoptou con éxito e noutros está a rexurdir, en España, a pesar de que nos últimos anos non deixou de aumentar, non tivo demasiada incidencia e parece difícil que cobre máis importancia, máxime se temos en conta que este tipo de contratación sufriu unha caída no ano 2008. E iso, a pesar de que a maioría dos traballadores a tempo parcial son mulleres, o que podería ser a mellor opción para compatibilizar as responsabilidades familiares no fogar co desempeño dun posto de traballo, permitíndolle acadar unha segunda renda, e no caso da mocidade posibilitarlle compaxinar estudos e traballo, adquirindo así unha experiencia laboral, sobre todo a aqueles desempregados con titulacións que presentan especiais dificultades para

acceder a un emprego. Pero as vantaxes que poderían supoñer este tipo de contrato quedan moitas veces diluídas polas condicións negativas que implican, como son os baixos salarios, a menor protección social a excesiva flexibilización (que en moitos casos, ao non haber horario preestablecido, obriga a estar sempre á disposición da empresa), etc. Isto pon de manifesto que, máis que unha elección voluntaria, o contrato a tempo parcial se converte moitas veces na única opción ante a imposibilidade de atopar un traballo a xornada completa.

Se analizamos a contratación por sectores, os datos reflicten que máis das tres cuartas partes dos contratos se localizan no sector servizos, sendo o que máis inflúe no crecemento do emprego; este sector engloba numerosas actividades, algunhas delas de grande importancia para a nosa comunidade, como por exemplo o turismo, actividade que está moi vinculada ao emprego estacional e que crea numerosos postos de traballo. Resulta tamén salientable o subsector "outros servizos", onde se engloba unha innumerable cantidade de diversas actividades que van desde a limpeza, servizos xurídicos, técnicos, de vixilancia, ata atención ás persoas en situación de dependencia (especialmente aquelas de avanzada idade), etc., o que nos indica o notable crecemento que experimentou este tipo de servizos propios de países avanzados cunha economía desenvolvida.

No ano 2008, a contratación no sector da construción supuxo o 10,28%, superando lixeiramente o da industria (9,72%), pero, a pesar de que estes sectores van perdendo importancia, aínda rexistran un peso porcentual superior ao do primario (agricultura e pesca), que pasou de ser un sector esencial na nosa comunidade en épocas precedentes a rexistrar o menor número de contratos, representando o 3% do emprego total.

Se atendemos á evolución anual da contratación por sectores económicos, observamos como o sector máis castigado foi, sen dúbida, o da construción, que rexistrou 20.038 contratos menos que no ano 2007, converténdose este sector no responsable directo do incremento do desemprego, e dado que estamos a falar dun sector marcadamente masculinizado onde a muller apenas participou deste comportamento expansivo, a caída da contratación deste sector afectou maioritariamente ao colectivo masculino.

Tampouco o sector servizos experimentou un balance positivo no ano 2008, e aínda que non sufriu o baixón da construción, tamén soportou a perda de contratos, e todo apunta a que este sector seguirá perdendo emprego, de maneira que tamén lle tocará ao colectivo feminino. No entanto, aquelas mulleres máis cualificadas ou con estudos universitarios terán menos posibilidades de perder o seu emprego, de feito os datos confírmannos que existe unha relación directa entre carencias formativas e aumento da taxa do paro.

○ sector secundario, integrado maioritariamente pola industria, experimenta unha evolución negativa, agás o subsector electricidade, que rexistra unha lixeira recuperación.

○ sector da agricultura e pesca, por primeira vez nos últimos anos, presenta un aumento da contratación en 2.564 contratos, feito que cando menos resulta salientable tendo en conta que ata agora, ademais de ofrecer o menor número de contratos, mantivo un ritmo de redución paulatina, o que nos fai sospeitar que é probable que a lixeira recuperación deste sector sexa unha clara consecuencia da forte caída do emprego na construción e nos servizos, o que faría que traballadores que perderon o seu emprego naqueles sectores se propoñan atopalo en actividades relacionadas co campo ou co mar, facendo que o sector primario medre, aínda que non o suficiente como para compensar a perda dos outros sectores, especialmente o da construción.

En relación coa contratación por grandes grupos de ocupación, a maior contratación corresponde a “traballadores non cualificados”, o que concorda co feito de que os sectores da construción e servizos son os que máis emprego xeran, a maioría en ocupacións de baixa cualificación.

Por último, en relación coas 10 ocupacións máis contratadas, cómpre salientar que son ocupacións pouco ou nada cualificadas, cun salario moi baixos e cunha elevada temporalidade (gran parte non traballan durante todo o ano ou fano a tempo parcial) e moi vinculadas á precariedade. Por outra banda, trátase de ocupacións claramente masculinizadas ou feminizadas, segundo o caso, coa excepción da ocupación de “camareiros, barmans e asimilados”, onde o número de homes e de mulleres case coincide.

Resumindo, podemos dicir que os síntomas de desaceleración que se amosaban no ano 2007 se concretan en 2008, a situación empeora para o noso mercado laboral, o paro aumenta e a contratación diminúe, e dado que o noso sistema produtivo se centra na construción e nos servizos, sectores que máis emprego producen pero tamén os que máis emprego destrúen, requírense novas iniciativas tomando conciencia da importancia doutros sectores que acheguen novas posibilidades, en particular aqueles relacionados co medio ambiente, enerxías renovables, novas tecnoloxías...



## Formación

Froito das programacións levadas a cabo durante o ano 2008, na formación ocupacional en Galicia realizáronse 2.133 cursos dirixidos a desempregados. Neles participaron un total de 31.498 alumnos, dos cales 13.502 foron do sexo masculino e 17.996 do sexo feminino.

No que se refire á distribución dos cursos por familia, o orzamento incide máis nunhas familias que noutras, aínda que non sempre alcancen a inserción desexada; así, onde máis cursos se imparten é na familia de "transporte e mantemento de vehículos", o 16,55% da totalidade, seguida da de "administración e xestión", 14,58%, "informática e comunicacións", 11,77%, e "servizos socioculturais e á comunidade", 11,63%, concentrando estas catro familias o 54,53% da totalidade dos cursos que se imparten en Galicia.

Tamén son estas familias as que acaparan o maior número de alumnos, o que semella que son as máis demandadas polos desempregados galegos, aínda que en moitos casos non sexan as que mellor resultado obteñen en canto a inserción laboral.

Por outra banda, tamén se dá a circunstancia de que hai especialidades formativas que poderían ser de particular interese de cara a acadar a formación axeitada, facilitando a inserción laboral dos desempregados; non obstante, non se programan.

En canto aos cursos impartidos por provincias, son as da Coruña e Pontevedra as que concentran máis do 72% da totalidade da oferta formativa para desempregados que se programa na nosa comunidade.